REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº90 | Ano 2011

Factura Electrónica

AFORRO E COMODIDADE

- **PLAN GALEGO DE I+D**

  Pulo global á competencia

- **O GALEGO, SEN DÚBIDA**

  Ir Indo a disposición do profesorado

- **QUEN COME MAL, NON ESTÁ NA REDE**

  Impulso en liña á boa dieta galega

FIC OnLan 2011: A Coruña, capital de internautas

“Convertirás tu salón en el nuevo santuario del ocio digital”

INTERNET EN TU TV POR SÓLO 149 €

Acceso a contenidos de internet | Videoclub Online | Navegador web
Media Player 1080P | TDT HD | Timeshift y PVR | Conexión a dispositivos externos
Haz de tu casa el templo de la conectividad. Bienvenido a la blu:religion

welcome to the blu:religion

BLU:SENS

www.blusens.com | www.theblureligion.com

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES_
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 90
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reproducción, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Este número 90 de Código Cero é sen lugar a dúbidas o número máis centrado en Administración Electrónica para o tecido empresarial dos que temos publicado até a data. Por ser este un tema ligado de xeito estreito ás institucións públicas, que sobre esta cuestión teñen un reto importante, decidimos neste mes tomarlle o pulso a algunhas das medidas máis salientables abrolladas dende a Xunta no eido da dixitalización de trámites. Falamos por exemplo da factura electrónica, da que ofrecemos un especial de sete páxinas centrado no servizo en liña posto en marcha polo Goberno galego e, a maiores, dúas páxinas máis sobre o que se está a facer dende o noso tecido empresarial TIC para acadar un espallamento máis firme destas ferramentas.

Estas e outras iniciativas, con independencia dos matices que lles podamos facer a título persoal, amplíanse por intres. De feito, calcúlase que en breve tódolos pagos que faga o Goberno galego aos seus provedores se formalicen polo vieiro dixital. Asemade, a cifra de compañías que tiran partido destas plataformas e procedementos, entre elas e delas cara as administracións, dóbrase cada pouco. O motivo deste afianzamento tecnolóxico entre as empresas non é un misterio. De feito, radica no mesmo que alentou o medre doutras tecnoloxías previas: gáñase en comodidade, rapidez e mesmo en seguridade.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 90

NOVAS

4 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías

REPORTAXES

5 Preséntase Libro de Pedra, unha ollada virtual a Santiago e ao Camiño
6 Red.es dá a coñecer en Santiago os últimos resultados do Plan Avanza en Galicia
7 O CGAI estrea mediateca con 7.500 fondos audiovisuais
8 Aldaba e GTI presentan unha ferramenta para facer máis segura a nube
9 Reconto de éxitos da Rede Amiga da Universidade da Coruña
10 Pulo ás oficinas de software libre das universidades
11 Galicia ofrecerá un innovador servizo de videointerpretación en linguaxe de signos
12 O fogar dixital cada vez máis preto grazas á colaboración da Xunta co sector TIC
13 Os mestres poderán mellorar o seu galego grazas aos recursos en liña de Ir Indo
14 A Tecnópole de Ourense mellora a súa web
15 A boa dieta galega á nosa disposición na Rede
16 DeLugo: innovadora ferramenta para coñecer mellor as xoias naturais da provincia
17 Ineo achéganos novidades en xestión interna xurdidas das súas firmas asociadas
18 TADEGA e EGANET asinan un acordo contra a fenda dixital
26 Nace Enkenda, un espazo virtual para traballos de pequena construción en Galicia
27 Todo listo para FicOnLan, xuntanza coruñesa da mocidade en liña
28 Repasamos as liñas principais de actividade do Plan Galego de I+D
30 Facemos reconto polo máis salientable da innovación galega recente
32 A cultura galega segue a botar raizames no miolo da Sociedade do Coñecemento

ESPECIAL E-FACTURA

19 O 20% das facturas tramitadas pola Xunta o ano pasado foron electrónicas
20 Entrevistamos a Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda
24 Falamos con Mauro Fernández Dabouza, director xeral do CIXTEC

XOGOS

33 Gato Salvaje presenta a primeira entrega do seu xogo
34 Manzaneda máis preto a golpe de rato e grazas á Rede
35 Xogo sobre as orixes de Vigo: *Viaxe ás covas do Folón*
36 Tradución ao galego de *Battle for Websnoth*
37 Repasamos o máis destacado en materia de consolas e videoxogos

ABALAR chegará ao dobre de alumnos o vindeiro curso

O Consello da Xunta do 24 de febreiro aprobou a renovación do Proxecto ABALAR para o curso 2011-2012, ampliando esta iniciativa de xeito que máis de 31.500 alumnos galegos poderán beneficiarse desta estratexia de integración das TIC no sistema educativo galego. O proxecto, infórmase, duplicará as aulas, ao entrar por primeira vez en centros novos e estender a súa área de actuación a 6º de primaria e 2º da ESO (mantendoa en 5º e 1º).

En datas vindeiras a Consellería sacará a concurso público a subministración do equipamento informático necesario, especificando as características técnicas requiridas para os novos ultraportatiles que se sumarán aos existentes, ata completar a cifra de 31.500.

Grazas a esta nova dotación, informa a Consellería de Educación, *"o Proxecto ABALAR continúa a medrar en Galicia, ofrecéndolle ao alumnado a oportunidade de se formar no uso das TIC, e no seu aproveitamento como recurso didáctico"*. Ademais, ABALAR contribúe *"a facilitar a colaboración entre todos os membros da comunidade escolar, a través do portal web espazoAbalar, que lles permite ás familias facer un seguimento continuado da vida académica dos seus fillos, así como ter unha comunicación directa cos docentes"*, engaden fontes da Xunta.

Doutra banda, o proxecto leva adxunto o programa Navega con Rumbo, que ten como obxectivo impartir charlas divulgativas para que os escolares realicen un uso responsable das TIC, e que xa ten chegado a máis de 5.000 estudantes, uns 500 profesores e 300 pais.

Retegal renova a súa páxina web

O operador público Retegal estrea nova web proporcionando un acceso aos seus contidos máis doado para os usuarios. O portal de Retegal (retegal.es) expón todos os servizos que presta o operador público á sociedade galega e a outros operadores de comunicacións. Ademais, nesta páxina web pódese atopar a situación dos case 200 centros de telecomunicacións que xestiona Retegal, xunto cunha pequena galería fotográfica destes centros.

A renovación do portal de Retegal enmárcase no proceso de modernización e adaptación do operador público de telecomunicacións galegas ao seu rol de operador neutro de servizos. Retegal é una ferramenta imprescindible no actual contexto tecnolóxico que está a posibilitar situar á Comunidade nun posto referente en canto ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

No último ano Retegal tivo impulsou dous dos feitos tecnolóxicos máis importantes da Comunidade, o apagamento analóxico e o Plan de Banda Larga.

O web:tv de Blusens incorpora xa control remoto

A empresa galega Blusens vén de ampliar o abano de posibilidades do seu dispositivo web:tv (web.tv) achegado recentemente ao mercado para levar Internet á televisión, entre outras utilidades. Segundo apunta a multinacional con centro de operacións en Santiago de Compostela, está xa dispoñible unha nova versión de firmware para o dito dispositivo, novidade que os usuarios actuais poderán instalar de xeito automático nos seus web.tv, conseguindo unha meirande funcionalidade e melloras significativas que son froito da participación directa dos clientes de Blusens no desenvolvemento.

Entre as melloras postas en xogo cómpre salientar a posibilidade de dispor de contido en descarga progresiva a través de aplicacións, melloras na resposta da interfaz e máis na reprodución de fotografías e vídeos de Internet.

Asemade, fornécese á comunidade de usuarios da posibilidade de acceso e control remoto do dispositivo. Isto, informa Blusens, conséguese mediante a incorporación de trebellos conectados, como teléfonos móbiles, "abrindo novas posibilidades de control e xestións dos medios usando o web.tv como hub multimedia que permite o acceso dende outros dispositivos como un tablet, un ordenador e un teléfono".

A maiores disto, a empresa galega fixo saber de que xa está ao alcance da man dos clientes o Foro de Desenvolvedores (Apps Developers), habilitado para impulsar a creación de ferramentas e aplicacións externas para web.tv. Este emprazamento de participación directa ten o apoio do equipo de I+D da empresa e fornécelle á comunidade internauta da información precisa para dar comezo á creación dunha ferramenta específica para web.tv. O obxectivo da empresa de Santiago é achegar as condicións ideais para ampliar a participación da meirande cantidade de xente, pondo en marcha un punto de encontro e información e dando soporte "mediante documentos, titoriais, guías e novas, e todo isto contando coa atención directa dos creadores do dispositivo". Por certo que o soporte para web.tv ten espazo propio en Facebook.

Santiago nunca visto

Libro de Pedra achéganos virtualmente a Compostela e á súa catedral

O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, presentou recentemente o paquete de aplicacións e contidos para a musealización virtual da Catedral de Santiago e dos lugares e monumentos que configuran o espazo xacobeo, iniciativa promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e desenvolvida polos equipos de Ilux Visual Technologies e o Grupo de Visualización Avanzada VideaLAB da Universidade da Coruña a través da Fundación da Enxeñería Civil de Galicia.

O acto contou ademais coa participación da secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, e o deán da Catedral de Santiago, José María Díaz.

O proxecto Libro de Pedra (www.turgalicia.es/librodepedra) consiste nun paseo virtual pola Catedral e a cidade de Santiago e se enmarca no proxecto europeo LOCI IACOBI. Lugares de Santiago, Lieux de Saint Jacques de revitalización do Camiño en Galicia, Francia e Portugal. O conselleiro de Cultura e Turismo cualificou este proxecto como "*unha iniciativa que xunta pasado e futuro nun mesmo espazo virtual coas máis modernas ferramentas, unindo a aposta polas novas tecnoloxías e os símbolos máximos da riqueza patrimonial do noso país*".

Libro de Pedra achéganos a posibilidade "*de contemplar a Catedral de Santiago e a cidade vella de Compostela dunha forma ben distinta e con maior precisión que nunca, porque pódese ler ata o máis mínimo detalle as pedras que conforman Santiago*", segundo comentou Roberto Varela, quen engadiu que a importancia deste feito "*no ano no que celebramos o Octavo Centenario da consagración da Catedral que, sen dúbida, volverá a ser centro universal das miradas neste 2011*".

Respecto ao proxecto europeo LOCI IACOBI, o conselleiro de Cultura e Turismo asegurou que responde á "*experiencia común da construción histórica do Camiño de Santiago*" e destacou a importancia "*dos veciños Francia e Portugal como pobos máis unidos por historia, xeografía e tradición aos Camiños que conducen a Compostela*". Tamén destacou que a través da iniciativa LOCI IACOBI "*renóvanse estes vínculos xacobeos mediante a investigación, a promoción e a dinamización turística do Camiño de Santiago*".

O arranxo do coche, mellor coas TIC

Red.es certifica importantes melloras de servizo nos talleres galegos grazas ás novas tecnoloxías

Contribuír a que as novas tecnoloxías, dentro dunha empresa pequena ou mediana, se vexan coma un investimento e non coma un gasto. Este é un dos grandes obxectivos do programa Empresas en Rede (empresasenrede.es/gl) do Ministerio de Industria (Plan Avanza), do que se presentaron recentemente os principais logros acadados na nosa terra, amais dos froitos que están por vir. O acto, celebrado no CNTG (Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia), veu da man da entidade pública Red.es, ligada ao devandito Ministerio, e partiu do máis específico (datos do programa piloto de Empresas en Rede para levar as TIC aos nosos talleres de reparación de automóbiles) ao máis xenérico (o número estimado de internautas que hai na actualidade en España e que se dará a coñecer en breve de xeito oficial: 26,9 millóns). Entre outras cousas, puidemos saber que o 91% dos clientes dos talleres galegos onde se aplican as TIC de xeito eficaz asegura que mellorou a calidade do servizo. Por certo que no acto tamén participou a Secretaría Xeral de Modernización, colaboradora de Red.es nestes proxectos.

Código Cero estivo na celebración desta Xornadas Empresas en Rede, que recalou en Santiago de Compostela en plena chegada do ciclón Quirín e que abrangue paradas en máis de 30 cidades do territorio estatal. O programa presentado é parte das actuacións do Plan Avanza2 en materia de empresas e autónomos, e conta cun orzamento total de 178 millóns de euros até 2013, dos que 11,9 millóns (achegados polo Ministerio, a Xunta e o fondo FEDER da UE) están a ser destinados a territorio galego. O obxectivo: acadar a integración das novas tecnoloxías nas pemes e micropemes, facendo especial fincapé no ámbito dos talleres de reparación de automóbiles. A razón? Pois unha das principais é que se trata dun sector no se logra unha especial visibilidade das aplicacións prácticas das TIC, amais de que polo seu carácter moi local, precisa de impulsos e axudas específicas para o seu desenvolvemento tecnolóxico.

Deste xeito, o programa Empresas en Rede desenvolveu, previamente á presentación deste mércores 16, unha iniciativa piloto na nosa terra para albiscar as necesidades concretas deste sector. *"Un dos grandes achados"*, comentounos Rafael Chávarri, voceiro da entidade Red.es, "*é o potencial do Centro de Diagnose Multimarca, que trala súa integración incrementa nun 15% a clientela dos talleres, cousa que vén dada polas melloras importantes que pon en xogo na eficacia do traballo*". É dicir, grazas a esta ferramenta, os operarios saben decontado que fallo ten o vehículo, amais de outras informacións salientables para o seu traballo.

Amais desta novidade, o programa achega datos sobre as vantaxes doutra tecnoloxía concreta: os Terminais de Punto de Venda (TPV). "*A implantación nos talleres destes dispositivos*", engadiu ao respecto Chávarri, "*supón un medre de arredor do 17% no fornecemento de clientela, sobre todo grazas ás melloras que pon en xogo na xestión do negocio, incluída a achega de facturas e a resolución dos impostos*". Unha das grandes consecuencias de todo isto é que as reclamacións diminúen até nun 21%.

Polo que respecta ao nivel de participación das firmas neste sector, abranguendo ás da nosa terra, dicir que se acadou unha taxa do 80%. As firmas incluídas nesta porcentaxe foron quen de ver, en maior ou menor medida, as vantaxes do afianzamento das TIC no seu día a día, e unha boa parte delas, sinala Red.es, amosaron xa o seu interese por dar continuidade aos logros e afondar neles.

O programa Empresas en Rede, como dixemos, conta coa colaboración da Xunta de Galicia. A xuízo de Chávarri, precisábase da súa concorrencia por ter un coñecemento especial do territorio no que se proxectaba traballar.

Polo que respecta a actuacións futuras de Red.es e do Plan Avanza2 na nosa terra, dicir que Chávarri aproveitou a oportunidade para emprazarnos en breve para o mesmo lugar (CNTG) en datas vindeiras, aínda por confirmar, e con motivo da posta en marcha (man a man coa Xunta) dos centros demostradores das vantaxes das TIC entre as empresas e a cidadanía en xeral, espazos aos que dará acubillo o CNTG e que teñen como finalidade principal a de facer visible o que en ocasión fica oculto: os moitos beneficios que pode achegar o feito de estarmos na Rede. En definitiva, os centros terán o mesmo alicerce cá xornada deste mércores, pero dándolle continuidade no tempo e un espazo fixo.

Xanela aberta ao noso cinema

O CGAI estrea unha mediateca con 7.500 fondos audiovisuais

O Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), que o vindeiro 15 de marzo cumprirá vinte anos sendo a institución autonómica responsable da salvagarda do noso patrimonio audiovisual (labor que realiza ás mil marabillas dende que lle fora encomendado), vai celebrar o devandito aniversario coa estrea dunha mediateca de seu, na que recolle máis de 6.000 revistas, preto de 10.000 libros e 7.500 títulos en formato DVD para poñelos a disposición do público e compartilo con aquelas persoas interesadas no arte audiovisual galego.

Esta mediateca, especializada en cinema, fotografía e comunicación audiovisual, vén de ser presentada en sociedade polo secretario xeral de Medios da Xunta de Galicia, Alfonso Cabaleiro, e levará o nome do que fora director do CGAI entre 1999 e 2006, José Luis Cabo.

A sala estará aberta ao público en horario de 10:00 a 14:00 horas e permitirá a consulta dos fondos propios do CGAI, así como o material do NO-DO relacionado con Galicia, do que existe copia na institución.

Nela haberá servizo de Internet e cinco cabinas de visionado, e poderase facer uso dun servizo de empréstamo de balde das producións audiovisuais sobre as que a Xunta ten dereitos de difusión cultural así como daquelas películas recuperadas e restauradas polo CGAI. Este servizo está dirixido, segundo informan dende a entidade, *"a institucións e asociacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo difundir a produción audiovisual galega"*.

As persoas interesadas en contactar coa nova Mediateca do Centro Galego de Artes da Imaxe poden facelo, como non podía ser doutra maneira, a través da páxina web oficial (www.cgai.org), que abre o acceso ás bases de datos dos fondos bibliográficos, hemerográficos e á Bibliografía do Cine Galego, elaborada polo departamento de Cine da USC.

Arranca o préstamo de *ebooks* nas bibliotecas, incluída a de Santiago

O Ministerio de Cultura, na nosa terra en colaboración coa Xunta, vén de pór en marcha o seu proxecto para facilitar o préstamo de libros dixitais nas bibliotecas públicas. Segundo informa, o servizo estase a habilitar en 15 centros do Estado ao longo de febreiro, incluída (cara a recta final de mes) a Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela. O único requirimento que se nos vai esixir para carretar unha obra dixital destes centros vai ser o seguinte: rexistrarnos no servizo. De feito, semella que non será preciso ter un lector propio (un e-reader), xa que poderemos levalo da biblioteca cargado de libros electrónicos e telo nas nosas mans por un prazo de tempo que non irá alén das súas semanas.

O servizo funcionará semellante nas 15 bibliotecas deste proxecto, con algún que outro matiz. O orzamento achegado polo Ministerio é de 130.000 euros, partida necesaria entre outras cousas para costear a compra dos 750 lectores postos en xogo. O servizo xa comezou a dar pasos en determinados centros de préstamo e lectura, como por exemplo a central de Cantabria, onde se puxo en marcha o 3 de xaneiro con 41 lectores e 184 libros electrónicos habilitados nas tarxetas. Polo de agora, que ninguén agarde levar a casa o ultimísimo en materia de best-sellers de novela negra, posto que as primeiras achegas limitaranse sobre todo a clásicos como O Quixote ou O retrato de Dorian Gray.

Solucións galegas para unha Rede de confianza

Aldaba e o GTI de Vigo fortalecen a nube cun innovador sistema de certificación

Redacción

Se hai unha materia pendente no eido da computación da nube, probablemente esta radique na seguridade. Ou sexa, na posibilidade de levar a cabo todo tipo de operacións na Rede (que é no que consiste a fin de contas a nube), dende trámites a labores de xestión, cun 100% de garantías sobre a privacidade dos nosos datos e da autenticidade das outras persoas que están en liña. Neste punto é onde traballa precisamente a firma galega Aldaba (www.aldaba.es), que en colaboración co Grupo de Tecnoloxías de Información (GTI) da Universidade de Vigo vén de desenvolver un sistema para achegar este nivel de seguridade que se require. O sistema, que é único no ámbito español, será presentado en breve baixo o seguinte nome: www.:SLA@cloud. Esta iniciativa aplica na nube a experiencia de colaboración que en 2007 desenvolveron Aldaba, o GTI de Vigo e máis o CESGA: o proxecto IFEC (Infraestrutura de Firma Electrónica Cualificada).

Con este proxecto, conseguíronse superar os límites que lles son propios aos certificados dixitais de identidade (como por exemplo o eDNI) como métodos para encarnar á persoa que asina. A clave estivo na construción dun sistema estable baseado en certificados dixitais de atributos e selado temporal (timestamps). As aplicacións disto son múltiples e diversas, pero se cadra na nube (co que ten de macrooficina de traballo e comunicación accesible a calquera hora e dende calquera lugar) demandábase especialmente. Segundo nos conta o CESGA, *"este sistema presenta os alicerces para establecer e controlar con garantías acordos de nivel servizo, SLAs (Service Level Agreements) entre un provedor de infraestruturas de computación na nube e un cliente que demande estes servizos".*

▲ GTI e Aldaba traballan nun proxecto pioneiro no mercado do cloud computing

Entre as vantaxes que pon en xogo e que probablemente non achegue ningunha outra plataforma inclúese a súa vertente de recurso universal. É dicir, que se pode aplicar a todo o que se poida demandar na nube en remoto e que requira ou poida requirir un contrato de por medio. De feito, tal e como dixemos ao comezo deste artigo, até o de agora a garantía en servizos de infraestruturas de computación estaba baseada unicamente na confianza entre o provedor e o usuario, segundo os termos do contrato definidos polos SLAs. Porén, o desenvolvemento de Aldaba pon a solidez desexada no recoñecemento dunha orixe autorizada pola entidade clienta *"grazas á incorporación da asignación de certificados de nota de prensa atributos, que establecen o rol que cada usuario xoga no sistema e a capacidade de solicitar determinados servizos segundo as políticas establecidas no acordo"*, infórmase.

Co fin de establecer este acordo, déuselle corpo a unha metalinguaxe chamada xSLAml, que serve neste caso para informar das condicións que deben rexer o subministro do servizo do que vai ser obxecto o cliente da infraestrutura na nube.

Apoios

O desenvolvemento faise realidade cos mellores avais: por unha banda os dos axentes que traballaron na súa posta en marcha (que forman parte da vangarda da nosa investigación tecnolóxica e a nosa computación) e pola outra os de entidades como a Secretaría de Estado de Telecomunicacións do Ministerio de Industria. De feito, o proxecto do que estamos a falar forma parte das iniciativas seleccionadas no marco da edición 2009 do Plan Avanza, xa que *"promove directamente a participación industrial española na construción da Internet do Futuro, permitindo a unha empresa, ALDABA, en estreita colaboración cun grupo de investigación punteiro dunha universidade, GTI, desenvolver novos produtos e servizos cun elevado compoñente TIC na vangarda da tecnoloxía do Cloud Computing e da Web 2.0 (Internet dos Servizos)".*

A xuízo de José Antonio Castelao, un dos socios de ALDABA, e segundo recolle o CESGA, "*a devandita colaboración universidade-empresa-centrotecnolóxico xera un ecosistema idóneo para testar proxectos de investigación, facilitando a transferencia de coñecemento á industria".*

O funcionamento

Segundo informa na súa web a Universidade de Vigo, da que forma parte o Grupo GTI, co www:SLA@cloud garántese a demanda de servizo ao cliente a través dunha lóxica de control baseada no paradigma RBAC para avaliar a solicitude en tempo real e de construír baixo demanda os recursos solicitados, como máquinas virtuais ou espazo de almacenamento. Ademais establecerase un control de calidade asinado dixitalmente con selos temporais para garantir o correcto cumprimento e informar de calquera desviación.

Cada día somos máis

A Rede Amiga 2.0 da Universidade da Coruña acada máis de 3.000 membros no seu primeiro ano

Raquel Noya

Apostar polas redes sociais non é crear un perfil en Facebook e agardar a que a xente se agregue por mandato divino, non. Apostar polas redes sociais probablemente é facer o que fixo a Universidade da Coruña hai algo máis dun ano: poñer en marcha o proxecto 2.0 Rede Amiga da UDC e crear a súa propia conta en Linkedin, Twitter, Facebook, Youtube, Flickr e Tuenti, para dende alí, incentivar a interacción, informar e escoitar á comunidade universitaria e a toda a sociedade en xeral do que se fai no eido académico.

O proxecto botou a andar na Rede da man do Consello Social da UDC en colaboración coa FUAC e no seu primeiro ano de vida xa acumula máis de 3.000 seareiros en conxunto, o que, segundo os seus creadores, *"non fai máis que afirmar a teoría de que o medre das redes sociais é imparable"*.

A Rede Amiga, ademais de permitir facer as mesmas cousas e fedellar nas mesmas aplicacións que permiten os perfís de outras entidades, axuda a que a comunidade universitaria (formada por alumnos, profesores e acabados de licenzar) poidan informarse das ofertas laborais e das bolsas de formación que os usuarios teñen á súa disposición, así como dar conta, por medio das ferramentas de xestión, da situación actual dos negocios en tempos de crise.

A ferramenta virtual da UDC que máis seguidores acaparou neste ano foi Twitter (twitter.com/redeamigaudc), que supera xa os 450 usuarios, acadando un crecemento proporcional ao experimentado por esta ferramenta 2.0 no conxunto de España.

Por outra banda, o perfil da entidade académica en Facebook aumentou até os 1.400 amigos, acadando unha media diaria de cinco novos amigos e amigas.

No tocante á rede Linkedin, a UDC acaparou uns 200 novos seguidores (fronte aos 70 do pasado ano), mentres que en Tuenti, a segunda rede social en España, o grupo da Rede Amiga supera os 500 seguidores.

Porén a ferramenta virtual máis importante, *"o eixo central de todas as comunicacións"* como o denominan dende a UDC, é o seu blog (redeamigaudc.com), que recibe medio centenar de visitas diarias, unha cifra que segue subindo na medida en que se incrementan os usuarios da Rede 2.0 na nosa terra e a súa contorna.

Segundo informan na entidade académica, o feito de que o diálogo dinámico existente nas universidades de todo o país vaia parello á irrupción das redes sociais, *"non supón unha moda, senón máis ben unha necesidade"*.

1.000 euros ao mellor proxecto de fin de carreira de Informática

A Universidade da Coruña estableceu recentemente un acordo coa firma multinacional con base española Everis (especializada en deseño e aplicación de ferramentas tecnolóxico-dixitais) co obxectivo de recoñecer o mellor proxecto de fin de carreira ao abeiro da titulación de Enxeñaría Informática de UDC ao longo deste curso. O premio en cuestión virá acompañado de 1.000 euros e dunha oferta de traballo para incorporarse á dita empresa, con sede principal en Madrid pero con centros de operacións en máis de unha ducia de países.

Segundo informou o decano de Informática, Alberto Valderruten, durante a presentación do acordo perante os medios, unha das grandes finalidades da UDC é acadar as máis firmes ligazóns posibles entre os campus da Universidade e o eido da empresa. Ao seu xuízo, tódalas actividades que vaian dirixidas cara a esta meta, contarán sempre co apoio da Facultade de Informática.

Neste senso, subliñou que esta aposta do centro educativo non é nova, é nesa liña insírese outras liñas de colaboración previas coa dita multinacional, tanto no eido das prácticas laborais como no que se refire a recoñecementos a iniciativas dos alumnos.

120.000 euros para o código aberto

Pulo ás oficinas de software libre das nosas tres universidades

O software libre está a converterse nun piar fundamental para a maioría das empresas e entidades públicas do noso país, que apostan polas aplicacións en código aberto para desenvolver a súa actividade profesional diaria. Por algo Galicia está, dentro do Estado español, nos postos de cabeza en proporción de empresas que instalan e desenvolven software libre. A maiores, cómpre ter en conta o seguinte feito: as aplicacións abertas supoñen xa unha oportunidade única para os profesionais galegos das TIC que buscan o seu primeiro emprego.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, baseándose no peso que adquiriu este tipo de software na nosa terra, vén de anunciar que achegará un total de 120.000 euros para apoiar as actividades que, en materia de software libre e código de fontes abertas (FLOSS), se leven a cabo nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo

Con este financiamento, o departamento autonómico afirma que contribúe "*á consolidación de proxectos que se están a desenvolver desde as Oficinas de Software Libre (OSL) universitarias e promove a posta en marcha de nova iniciativas para a promoción do FLOSS en Galicia*".

Segundo se recolle nun convenio subscrito polas tres universidades e a Secretaría Xeral, o departamento autonómico subvencionará con 40.000 euros a realización de diferentes actividades en materia de software libre en cada unha das tres institucións educativas, que se resumen nas que seguen:

Avances de Ubuntu en Santiago

Na Universidade de Santiago o acordo posibilitará a implantación de programas libres nun 50 por cento da Rede de Aulas de informática. Ademais, continuarase instalando o programa arranque dual con Ubuntu-USC de xeito que, polo menos, cada centro conte cunha aula con este sistema en 2011.

O mantemento e actualización de Ubuntu é outra das actuacións que contempla o acordo, así como a tradución ao galego de programas como Gnome, Ubuntu e Mozilla, iniciada en 2010.

Os cursos e obradoiros completarán a actividade subvencionada en Compostela.

▲ Imaxe dun fiadeiro para a tradución ao galego de software libre na Universidade de Santiago, achegada por Gatonegro

◀ Outra vista do fiadeiro da USC de 2009

Oficina móbil na Coruña

Entre as novas actuacións que se desenvolverán este ano na Universidade da Coruña destaca a posta en marcha da Oficina de Software Libre móbil, que consistirá en achegar os servizos propios da OSL aos usuarios en cadanseus centros. Tamén se creará unha aula de formación libre dirixida a persoas con escasos ou nulos coñecementos sobre software libre, que estarán abertos a calquera usuario, independentemente de que sexa membro da UDC. Ademais, completarase o proceso de migración a software libre nos postos base da administración da Universidade coruñesa.

Asemade, celebraranse dúas novas edicións das Install Part en abril e outubro así como distintas xornadas de difusión e coñecemento do software libre.

Voluntarios e obradoiros en Vigo

Por último, a Oficina de Software Libre da Universidade de Vigo creará este ano unha nova figura denominada Voluntario libre, que achegará información das actividades da OSL aos distintos centros da universidade.

Outra das novas accións previstas é un obradoiro de desenvolvemento competitivo con software libre . e, continuando co realizado o ano pasado, a Universidade olívica destinará a achega da Secretaría Xeral ao mantemento e actualización dos contidos da súa web así como á creación de 40 pílulas docentes sobre aplicativos de temáticas empresariais, e de grupos de profesores que realicen actividades en común sobre materias de software libre.

Tamén prevé a celebración da Xornada de traballo Días MáisQueLibres en cada centro ou grupo de centros afíns á Universidade para difundir o software libre e o código de fontes abertas, que o ano pasado tiveron lugar en 9 centros da Universidade.

Cabe cita, para concluír, a celebración dunhas xornadas empresariais sobre solucións libres para que as empresas expoñan a súa visión das TICs libres.

A prol do entendemento

Galicia ofrecerá un innovador servizo de videointerpretación en linguaxe de signos

A sensación de impotencia que podemos chegar a sentir cando viaxamos a outros países onde non entendemos o idioma, é o que máis se asemella (pero non chega) ao que senten as persoas xordas para facerse entender cada vez que precisan comunicarse cos que descoñecemos a lingua de signos.

As novas tecnoloxías xa están postas ao servizo dos desenvolvedores de tradutores en tempo real para levar estas aplicacións aos nosos móbiles e solucionar o atranco do idioma, porén, que acontece no caso das persoas xordas?, poderán botar man algún día das TIC para facerse entender no seu propio idioma?, a resposta e si, e se todo vai ben, dentro de moi pouco.

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica vén de anunciar que implantará un sistema de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas en cinco puntos presenciais da Administración autonómica e a través de Internet, para o cal traballará cóbado con cóbado coa Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG).

Así se recolle no convenio de colaboración asinado recentemente entre a secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, e o presidente da FAPXG, Feliciano Sola, que segundo apuntaron ámbalas dúas partes *"converte a Galicia na segunda Comunidade que ofrece o servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas con diversidades funcionais auditivas".*

A videointerpretación, que estará dispoñible nun prazo aproximado de tres meses, terá 7 puntos de acceso, cinco deles presenciais -no Rexistro Xeral da Xunta e nos rexistros das delegacións da Xunta en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo-, e un a través da Rede que, entre outras cousas, permitirá que as persoas xordas poidan dispoñer dun videointérprete onde queira que se despracen, sempre que conten cunha conexión a Internet.

Neste caso o usuario precisa dun computador con webcam e un teléfono co que contactará co servizo de videointerpretación indicando a persoa, entidade ou servizo co que desexa facer a súa consulta. Empregando unha liña paralela, o videointérprete actuará de ponte entre a lingua de signos e a lingua oral, permitindo así a comunicación entre a persoa xorda e a persoa oínte.

Nos puntos de acceso presenciais a persoa xorda terá a súa disposición un videoteléfono instalado no propio rexistro para poñerse en contacto co servizo de videointerpretación da FPXG. Desde este servizo facilitarase a interpretación da lingua oral á lingua de signos entre o empregado do rexistro e a persoa xorda.

▲ A secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, e o presidente da FAPXG, Feliciano Sola, na sinatura do convenio

A secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira indicou que *"máis de 84.000 galegos con algunha discapacidade auditiva poderán beneficiarse desta iniciativa que se poderá estender a outros servizos da Xunta unha vez que se comprobe o seu óptimo funcionamento".*

Pola súa banda, o presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, Feliciano Sola, destacou que "*grazas ás novas tecnoloxías,tanto as persoas oíntes como as persoas xordas na súa diversidade poderán usar SVIsual a través da lingua de signos española ou calquera outra modalidade comunicativa que soliciten en función das súas necesidades grazas os servizos de signo e voz ou mensaxeiría instantánea, que contribúen a ofrecer un servizo personalizado."*

O presidente da FPXAG fixo fincapé en que con este proxecto "*garantiranse os dereitos das persoas xordas coma cidadáns de pleno dereito de acceso a información e a comunicación así como a lei de igualdade de oportunidades no discriminación e accesibilidade universal".*

A casa solidaria

O fogar dixital cada vez máis preto grazas á colaboración da Xunta co sector TIC galego

Unha das liñas de traballo que máis interese suscitou cando foi presentada a Axenda Dixital de Galicia 2014.gal foi a oferta de servizos de atención sociosanitarios na casa a través das novas tecnoloxías. Pois ben, a Secretaría Xeral de Modernización, en colaboración coa Consellaría de Sanidade, amosou os días pasados a súa intención de facer que esta axuda de primeira orde se faga realidade a partir das vindeiras semanas, ao prever o desenvolvemento do Fogar Dixital na Comunidade, tal e como recolle a Axenda Dixital 2014.gal, a folla de ruta da estratexia tecnolóxica da Administración autonómica.

Así o fixo saber a secretaria xeral Mar Pereira, durante un acto recente no que lles trasladou aos representantes do sector o Plan de Acción 2011, no que se define o marco das axudas ao sector para este ano, a posta en marcha do Centro Demostrador TIC e os programas para avanzar posibles solucións tecnolóxicas no ámbito sociosanitario.

Neste senso, a Administración autonómica determinou o devandito sector social como "*o primeiro ámbito de actuación para este tipo de iniciativas*" e apurou a levar a cabo a elaboración dun mapa de capacidades tecnolóxicas dos axentes galegos no ámbito sociosanitario, no que participaron 45 axentes TIC de distintos grupos de investigación, centros tecnolóxicos e empresas. O documento recolle un total de 145 iniciativas, tanto as realizadas como as que se están a desenvolver e será publicado este mes.

O seguinte paso anunciado polo Executivo será a identificación das posibles iniciativas no eido sociosanitario para trasladarllas ao sector TIC. Neste senso, o primeiro proxecto definido é o pulo ao fogar dixital, concretamente no que se refire a servizos asistenciais de pacientes crónicos, con posibles servizos como a monitorización dos parámetros do doente, a xestión e seguimento da medicación ou a teleasistencia médica, entre outros.

Podemos definir o fogar dixital como o fogar dotado de servizos avanzados que melloran a calidade de vida da cidadanía e que son posibles grazas ao emprego das novas tecnoloxías. Esta gama de servizos van dende os relacionados co ámbito asistencial (teleasistencia, teleconsulta,…) ata os relacionados coa seguridade, a eficiencia enerxética ou as comunicacións e o lecer en si mesmo; servizos que, tal e como indican os seus responsables, *"fan posible un novo concepto de habitabilidade e substentabilidade dentro do fogar"*.

Para impulsar o fogar dixital, ambas entidades anunciaron que van realizar actividades de difusión e formación orientadas a cidadáns ou axentes da cadea como futuros instaladores ou integradores deste fornecemento tecnolóxico do espazo doméstico, a través da Rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica ou o Centro Demostrador, espazo emprazado no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (en Santiago) que servirá de punto de encontro entre a innovación tecnolóxica e as necesidades das pequenas e medianas empresas.

Recoñecemento de Dintel

A Fundación Dintel, dedicada á difusión da Tecnoloxías da Información e a Comunicación a nivel estatal, vén de convocar unha nova edición dos seus Premios Dintel Alta Dirección, no marco dos cales acordou concederlle á Xunta o galardón ás Mellores Iniciativas TIC nas Administracións Públicas.

Estes premios, convocados anualmente para recoñecer iniciativas e actuacións levadas a cabo no ámbito tecnolóxico, establece 10 categorías, e a Xunta foi galardoada na de Administracións Públicas pola súa dedicación e especial esforzo na aplicación das TIC en eidos tan diversos e de tanta repercusión social como a sanidade, a xustiza ou a educación.

415.000 maneiras de expresármonos

O persoal da Xunta poderá mellorar o seu galego grazas aos recursos en liña de Ir Indo

Redacción

O persoal da Xunta e dos nosos centros educativos conta xa cun servizo en liña para facilitarlle o emprego cotián do galego no seu contorno laboral. A ferramenta, froito da colaboración entre o Goberno galego a Ir Indo Edicións, en realidade é dupla. De feito, trátase dun sistema que posibilita a consulta de Digalego (dicionario en liña de galego do que xa temos falado nesta web, con motivo das melloras imprimidas no seu seo ou da súa frutífera alianza con Xornal.com) e da Enciclopedia Galega Universal (EGU), unha achega dixital de coñecemento dirixida por Bieito Ledo (director de Ir Indo) e que vai encamiñada a ofrecer nunha soa web toda a información posible referente ao coñecemento universal e na nosa lingua. Por certo que Digalego, para facérmonos unha idea do seu potencial, ten a día de hoxe 415.000 entradas. A vantaxe deste dicionario en liña sobre o seu xermolo, a achega en papel de Ir Indo, é que engade elementos como a etimoloxía dos termos e equivalencias en sete linguas, amais de conxugación de verbos, entre outros elementos.

A novidade de todo o presentado por Ir Indo e o Goberno galego radica na universalización destas dúas ferramentas dentro do contorno da Xunta, posto que até o de agora ámbolos dous recursos tiñan acceso restrinxido. O propio Bieito Ledo, xunto co conselleiro de Educación, Xesús Vázquez, e a secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, explicou recentemente o alcance deste acordo perante os medios de comunicación. Respecto a Digalego, salientaron as posibilidades que ofrece para permitir a consulta directa da nosa lingua, da que xa se benefician o persoal e alumnado

de todos os centros de ensino non universitario de Galicia, públicos e concertados, así como os profesionais ao servizo da Administración autonómica. Por outra banda, engaden, o achegamento da EGU en liña posibilitará unha información *"máis completa e actualizada da nosa cultura, coa que se pretende facilitar o labor profesional e académico dos usuarios"*. A parte de todo isto, engadiron, a convenio con Ir Indo é tamén salientable para toda a sociedade galega, *"que xa pode consultar o significado das palabras que se recollen na información do portal web da Xunta; simplemente cun dobre clic na palabra, habilítase unha xanela na que se ofrece a definición do Digalego"*.

Para o conselleiro de Educación, outra das grandes vantaxes destes recursos é que constitúen un importante apoio para o ensino e a aprendizaxe doutros idiomas, ao fornecer de equivalencias en portugués, castelán, inglés, francés, italiano, chinés e alemán. Para Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización, as achegas de Ir Indo amplían de xeito importante o potencial comunicativo e divulgador do portal da Xunta, emprazándoo máis preto da canle de información interactiva e permanente que se procura. *"Este é o obxectivo da Administración electrónica, permitir un contacto constante e fluído cos cidadáns e garantir o seu dereito a comunicarse coas entidades públicas a través dos medios electrónicos"*, comentou. De feito, engadiu, o portal da Xunta -que foi reestruturado en xuño para converterse nunha web máis intuitiva, sinxela e accesible ao cidadán- recibiu máis de 11 millóns de visitas durante 2010, o que evidencia, informou , que *"as webs das administracións públicas cobran cada día máis importancia como puntos de acceso telemático ás institucións publicas"*.

1.200 cidadáns empregaron o seguimento do Plan de Banda Larga

O espallamento da banda larga que está a impulsar a Secretaría Xeral de Modernización en certas áreas xeográficas da nosa terra (aquelas que a xuízo da Xunta máis fican a contrapelo duns accesos ás redes cun mínimo de calidade) inclúe dende o pasado 10 de xaneiro un complemento web para consultarmos até onde está a chegar, precisamente, este espallamento. Segundo informou os días pasados Modernización, a ferramenta en liña consolidouse coma un recurso imprescindíbel do proceso. Tanto é así, engade, que dende a súa posta en marcha até o pasado 15 de febreiro, foi consultada xa por un total de 1.200 usuarios, interesados en informarse da situación do Plan de Banda Larga no seu núcleo de poboación a través do Rexistro de Demandantes ReDe.

Este recurso, accesible dende a web de Modernización (imit.xunta.es), vai alén da simple achega de información fornecendo aos cidadáns demandantes de conexión dun formulario de inscrición que dá acubillo á súa solicitude perante futuros traballos de despregue. Neste senso, ao longo do primeiro mes de vida do servizo até 200 persoas sen cobertura levaron a cabo o dito proceso.

De viaxe coa innovación

A información da Técnopole métese de cheo nos nosos dispositivos móbiles

A Técnopole de Ourense vén de ampliar as canles de comunicación coas que mantén contacto coa comunidade internauta. E faino co punto de mira nas tecnoloxías miúdas: os teléfonos intelixentes (smartphones) que posibilitan practicamente as mesmas vantaxes que un computador pero coa vantaxe da mobilidade. O obxectivo da Tecnópole é saír de viaxe con quen sexa preciso. Isto significa que calquera usuario destes positivos poderá visualizar a versión especial da nova páxina do parque tecnolóxico. O aplicativo pódese descargar de balde dende a Apple Store para o IPhone e no Android Market para aqueles trebellos que corran con estoutro sistema operativo. Por certo que este servizo coincide con outra novidade na comunicación en liña da Tecnópole: a estrea da súa renovada páxina web (www.tecnopole.com).

Entre outras melloras, o novo sitio do parque TIC de San Cibrao das Viñas (en Ourense) inclúe unhas condicións de navegabilidade optimizadas e unha maior visibilidade nas aplicacións 2.0 ás que dá acubillo, as participativas. Con isto, a Tecnópole busca tirar o máximo partido de ferramentas de comunicación que xa son de uso cotián e que posibilitan maior contacto co internauta: Twitter (a canle de microblogging), Flickr (a comunidade para compartir fotos), Google Calendar (a aplicación de axendas), YouTube e Vimeo (ámbalas dúas redes sociais de vídeos). Ademais, o complexo industrial galego permite a subscrición ao seu boletín en liña mediante o protocolo RSS para que sexa accesible, ademais de mediante correo electrónico, a través dos lectores de *feeds*, como Google Reader.

Por certo que na nova páxina os internautas poden tamén facer unha viaxe virtual pola Tecnópole utilizando o mapa Tecnópole 3D, que permite visualizar o alcance do que será a próxima ampliación da superficie a case o dobre da actual.

Volvendo á versión específica para teléfonos móbiles, dicir que se apoia na busca das mellores condicións de rapidez e comodidade para o acceso á información da Tecnópole. Ao mesmo tempo, púxose especial atención en acadar un achegamento certeiro dos datos, dándolle prioridade ao que en palabras dos responsables do complexo galego realmente importa: o traballo das empresas e centros tecnolóxicos instalados no recinto, que son de novo protagonistas e que contan con esta web específica cun apartado propio de seu. *"As novas, o calendario de eventos, a información sobre a entidade, o enlace ás redes sociais e o acceso ao menú diario da cafetería, ás últimas convocatorias de axudas ou aos horarios de autobuses ata o recinto, entre outras cousas, son os principais elementos da aplicación"*, informa Tecnópole.

Melloras a engadir a outras melloras

As novidades en liña da Tecnópole cómpre sumalas ás presentadas ha xa uns meses e que ían dirixidas (máis que a afianzarse nos trebellos móbiles) a tirarlle o máximo partido posible ás redes sociais. Esta estratexia materializouse (entre outras cousas) nunha canle propia en Vimeo (onde se nos informa da potencialidade, características e medre actual do Parque), no caderno de imaxes que a Tecnópole mantén en Flickr (que inclúe xa fotos aéreas, de exteriores e de interiores de alta calidade) ou no sitio propio de seu no Twitter.

Asemade, o complexo empresarial galego ten en versión navegable a información actualizada sobre a súa actividade a través de Tecnópole 2010, incluíndose unha versión en formato pdf descargable con todos os datos sobre as empresas e centros tecnolóxicos. Amais de todo isto, o Parque tamén segue a reforzar o seu espazo propio en Delicious.

A boa dieta galega á nosa disposición na Rede

O Grupo Cuevas e os investigadores da Universidade de Vigo, na presentación da nova web

O Grupo Cuevas e a Universidade de Vigo poñen en marcha unha páxina para preparar polo miúdo o noso menú

Redacción

Agora que a cociña de autor está tan de moda, e que os menús dos restaurantes chic, máis que comida semellan obras de arte saídas dun laboratorio que se poden mirar pero non tocar, bótase de menos a comida da avoa, feita sen apurar na cociña de leña e con moito moito agarimo.

Por outra banda, as présas e o estrés do día a día fan que as nosas dietas se baseen en pratos precociñados e comida lixo en restaurantes de comida rápida, que enchen de calorías os nosos bandullos, as máis das veces, sen ningún tipo de nutrinte beneficioso para a nosa saúde.

Porén, de novo, as novas tecnoloxías póñense ao servizo da sociedade para facernos chegar unha ferramenta que reúne dieta saudable con pratos tradicionais do noso país, facendo que os nosos menús sexan máis sans e apetitosos.

Trátase da web dietaatlanticogallega.com, creada polo Grupo Cuevas, que permite configurar menús con pratos típicos galegos dun xeito equilibrado, grazas a un "*semáforo nutricional*" que axuda a axustar a dieta de cada usuario ata que sexa boa para a súa saúde.

A información nutricional dos alimentos que achega esta ferramenta virtual está certificada pola Universidade de Vigo (que tamén participou na súa creación) e as receitas presentadas foron feitas, segundo afirman, *"seguindo un criterio científico"*.

Esta web é froito de dous anos de traballo do Grupo Cuevas en colaboración con varios equipos da Universidade de Vigo, no que a parte científica estivo dirixida polos profesores da Facultade de Ciencias Lorenzo Pastrana e Federico Mallo e a parte técnica polo profesor da Escola Superior de Enxeñaría Informática Florentino Fernández. Durante este tempo, os investigadores recompilaron arredor de 300 receitas características da dieta atlántico-galega e analizaron o seu valor e composición nutricional. Con esta información de base, deseñaron unha web na que o usuario pode ver as receitas dos diferentes pratos, escoller os que desexe e ver cantas quilocalorías, proteínas, hidratos de carbono e graxas ten cada prato e cada menú.

> **A ferramenta *online* permite configurar menús con pratos típicos galegos dun xeito equilibrado**

No tocante ao semáforo nutricional que achega a ferramenta, Federico Mallo explica que "*permite, tomando como referencia os estándares en nutrición, axustar os menús ás marxes axeitadas pero atendendo aos nosos gustos*". Isto tradúcese, segundo engadiu, "*en que cando o menú ou produtos elixidos polo usuario superan os valores nutricionais saudables, o semáforo alerta en laranxa ou vermello da necesidade de modificalos*".

Asemade a web, que destaca pola súa accesibilidade e operatividade, pode ser empregada por calquera persoa con coñecementos básicos de informática e permite rexistrar os menús de cada usuario para volver a eles a modo de "*historial*". Isto permite que, ao longo de 11 semanas, o sistema valore de xeito automático, se o usuario ou usuaria se está a alimentar correctamente.

Porén isto non é todo, para colmo da comodidade, a ferramenta ofrece a posibilidade de elaborar unha listaxe da compra cos produtos precisos para cociñar cada menú ou prato escollido.

Delugo: ferramenta captaturistas

A Deputación presenta un navegador xeográfico para promover as xoias naturais e culturais da provincia

De viaxar cara a algures, mellor facelo antes pola Rede. Esta é a premisa sobre a que se apoia a nova iniciativa tecnolóxica presentada recentemente pola Deputación de Lugo: un recurso dirixido a permitirlles aos turistas que se acheguen pola provincia (previamente á viaxe ou durante a mesma) navegar por un mapa das comarcas de Lugo obtendo datos útiles sobre que ver (patrimonio cultural e natural), onde comer, onde aloxarse, ou que emprazamentos de lecer visitar (rutas de sendeirismo ou marítimas, praias, coutos e áreas de pesca, festas, museos, oficinas de turismo, adegas, etc). A ferramenta, que se chama Sistema de Información Xeográfica (SIX) deLugo, foi presentada polo propio presidente da Deputación, José Ramón Gómez Besteiro, quen quixo deixar claro que o servizo non se orienta unicamente á xente de fóra, senón tamén á veciñanza da provincia, igualmente interesada en coñecer, de primeira man, o potencial do seu lugar de procedencia. Máis polo miúdo, o potencial das tres Reservas da Biosfera e do Courel, eixes principais da proposta.

Segundo engadiu Gómez Besteiro, trátase do primeiro SIX sobre as devanditas paraxes naturais creado na nosa terra. O seu manexo é doado, e a información obtense de xeito intuitivo. O único que ten que facer o usuario é sobrevoar o mapa da provincia e clicar no espazo do mapa da provincia do que desexe obter máis datos. "*O noso obxectivo*", sinalou o presidente da institución provincial "*é difundir a riqueza e as empresas no territorio das tres Reservas da Biosfera (Terras do Miño, Os Ancares e Río Eo-Oscos-Terras de Burón) e do Courel, así como poñelas en valor como oportunidade económica que son*". A ferramenta precisou dun labor importante de documentación, programación e deseño. De feito, traballaron nela e durante meses un total de 14 persoas, entre informáticos, enxeñeiros en topografía e deseño. En palabras de Gómez Besteiro, o resultado é o "*Google medioambiental da provincia*".

O navegador deLugo, accesible dende www.delugo.org e www.delugo.es, foi presentado no Centro de Interpretación Terras do Miño e contou coa asistencia do subdelegado do Goberno en Lugo, José Vázquez Portomeñe, e o alcalde lucense, José López Orozco, ademais de 15 alcaldes máis das Reservas, así como representantes do mundo empresarial vinculado ó medio ambiente. A iniciativa acadou para o seu remate o 70% do financiamento da Unión Europea a través do programa Lugo2,. "*O navegador xeográfico*", engade a Deputación, "*estará en constante cambio e innovación, de xeito que ós contidos iniciais iranse sumando progresivamente outros de utilidade para o cidadán*". Trátase polo tanto unha ferramenta sen remate definido, aberta, participativa e interactiva en todo tipo de formatos. De feito, poderanse facer descargas de arquivos en dispositivos móbiles (teléfonos, PDA ou GPS). Arestora, é posible introducir nos nosos aparellos os datos de varias rutas de sendeirismo e do programa Km0.

En breve, informa a institución provincial, iranse engadindo outros contidos relativos a uns 130 novos itinerarios. Por certo que o XIS, amais de achegar cobertura para turistas e cidadáns, diríxese a dar acubillo a o meirande número de empresas da provincia, non só as ligadas de xeito estreito ao turismo. Segundo a Deputación, estariamos a falar dunha potente ferramenta de promoción para as mesmas.

Once concellos, de cheo xa na eAdministración

Falar de administración electrónica é falar de progreso, de vantaxes, de recursos, de estar ao día na implantación das TIC, e sobre todo, de ofrecer servizos de calidade á cidadanía. Isto que hai uns anos era case que unha utopía para a meirande parte dos concellos galegos (que nin sequera tiñan acceso á Rede) xa é unha realidade en once concellos da provincia de Lugo, onde grazas ao programa tecnolóxico Innova-TE puideron implantar este servizo virtual.

A Deputación de Lugo presentou os días pasados a posta en marcha da eAdministración no primeiro grupo dos 51 municipios adheridos ao devandito programa, que entre outras cousas, permitirá unha relación máis fluída coa cidadanía, e un aforro considerable de tempo e cartos.

Ademais de Chantada, onde tivo lugar a presentación, a eAdministración comezou xa a funcionar en: Becerreá, Burela, Portomarín, Sober, A Pastoriza, Abadín, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria e Vilalba, "*municipios de diferentes cores políticas, o que dá conta do carácter integrador deste programa*", subliñou Besteiro.

Polo de agora, a cidadanía destas entidade locais pode realizar un total 30 trámites online botando man de Internet, como darse de alta no servizo de subministro de auga e sumidoiros, facer unha reserva de cita para voda civil no Concello ou inscribirse no rexistro de parellas de feito, anotarse nunha bolsa de traballo, apuntarse en eventos, solicitar a inscrición no padrón municipal, facer avisos, queixas e suxerencias ou mesmo realizar diversos tipos de consulta, como, por exemplo, do censo electoral, ordenanzas, bandos ou actas plenarias, entre outras.

Porén nas vindeiras semanas, a Deputación porá en marcha a Administración Electrónica nos restantes 40 concellos incluídos no programa Innova-TE e activará de forma progresiva o resto de procedementos administrativos ata chegar aos 80 previstos coas entidades locais no programa da Deputación.

Tecnoloxía en axuda das empresas

Ineo achéganos as máis recentes novidades en xestión interna xurdidas das súas firmas asociadas

Do inglés *"Enterprise Resource Planning"*, ERP é un sistema de xestión interna da información que automatiza moitas das tarefas propias dos negocios, apoiando as principais actividades organizativas como loxística, vendas, recursos humanos e contabilidade entre outros. Un sistema ERP é un programa que permite compartir eficazmente información e coñecemento entre os diferentes departamentos da organización simplificando os procesos e axudando na redución de custos. Os sistemas ERP son ferramentas de negocio moi vantaxosas fundamentalmente porque melloran a produtividade e a xestión do tempo, automatizan procesos, aumentan a seguridade dos sistemas, evitan a duplicidade de información e completan de forma áxil os procesos internos. As empresas de Ineo ofertan este tipo de produtos para a xestión interna e moitas delas teñen adaptado esta ferramenta ás necesidades específicas das empresas dos diferentes sectores produtivos.

LIBRA é a solución de xestión empresarial desenvolvida pola empresa EDISA, orientada aos segmentos da mediana e grande empresa, sendo a solución líder a nivel nacional en varios sectores por diante dos principais produtos desenvolvidos polas empresas multinacionais de referencia. Dos máis de 400 casos de éxito, 130 atópanse en Galicia e destes 15 atópanse entre as 100 primeiras empresas, o que acredita o nivel de funcionalidade que ofrece o produto. A solución é modular e inclúe 20 módulos que permiten aportar todo o rango de funcionalidade necesario na xestión empresarial; ERP, CRM, BPM, Xestión Documental, incluíndo tamén solucións desenvolvidas para a explotación de datos e soporte aos cadros de mando, con ferramentas de Business Intelligence.

DUX é un ERP desenvolvido pola área de informática da empresa HGA que cubre as necesidades que teñen hoxe en día as empresas, de sistemas integrais de xestión, tendo en conta as necesidades específicas de cada unha delas. Grazas a esta ferramenta, a empresa poderá controlar todos os procesos realizados na súa actividade, mediante unha única aplicación, o cal deriva nunha optimización de ditos procesos coa conseguinte diminución dos custos. HGA ofrece un ERP flexible, modular, seguro e configurable que cubre de forma sinxela e eficaz todas as áreas e necesidades dunha empresa (compras / contabilidade, RR.HH., xestión de calidade, facturación, orzamentos, etc.). Entre as características de DUX destaca a posibilidade de utilizar diferentes idiomas, a súa adaptación á LOPD ou a seguridade no control de acceso á información.

SERESCO ofrece soluciones para a xestión interna das empresas mediante dous tipos de ERPs diferentes:

• Sap Business One. Aplicación que integra todas as funcións empresariais básicas da empresa (inclúe xestión financeira, ventas, xestión de atención ao cliente, e-commerce, xestión de inventarios e operacións). Trátase dun produto creado exclusivamente para pequenas empresas. A diferenza doutras pequenas solucións empresariais que existen no mercado, SAP Business One é unha única aplicación que elimina a necesidade de instalacións separadas e a integración de varios módulos.

• Milena Gestión. Solución avanzada para satisfacer as necesidades de todos os centros de información da empresa, baseada nun conxunto de aplicacións modulares e integradas que actúan de forma global, permitindo, mediante a parametrización e configuración das súas funcións, unha fácil e completa adecuación ás necesidades de cada negocio. Milena Gestión recolle a experiencia de máis de tres décadas no desenvolvemento deste tipo de aplicacións e supón un gran avance na xestión e o análise da información para a dirección da compañía, soportando as funcións críticas de negocio. Milena Gestión cubre un amplo contido funcional, dispón dun innovador sistema de alertas e planificación de procesos, un sistema de xestión documental e de imaxes e dun xerador de consultas e informes.

Saecdata dispón de máis de 25 anos de experiencia na implantación de ERP's adaptados ás necesidades do cliente. Ofrecen un software continuamente renovado, de produción propia, que supón un gran aforro en licencias para os seus clientes. A empresa ten creado SaecPyme: una Solución ERP, formada por distintos módulos, orientada á xestión integral da pequena e mediana empresa. Permite a organización de almacéns e xestión de stocks; presentación de ofertas, pedidos e xestión de compras; orzamentos e procesos de facturación; xestión de tesourería, cobros e pagos; xestión administrativo contable. SaecData tamén te desenvolvido ERPs de xestión interna adaptados a empresas de sectores moi específicos: pesca fresca, depuradoras de marisco, empresas comercializadoras de alimentación en xeral, industrias frigoríficas, talleres navais e industria téxtil, entre outros.

CAI Sistemas Informáticos ofrece unha ferramenta integral que cubre todas as necesidades de xestión interna e documental dunha Asesoría ou Despacho Profesional: CAIGDI - CAIWII. CAIGDI facilita a xestión interna (tarefas, correo interno, axenda, actividades, relación co cliente CRM, etc.) e a xestión documental, exercendo control sobre todos os documentos, escanados ou xerados dixitalmente, na actividade empresarial. A aplicación web CAIWII incorpora un módulo de comunicación en tempo real, para o intercambio de información e documentación, entre a Asesoría ou Despacho Profesional e os seus clientes de maneira que estes últimos poden acceder aos seus datos e documentos. Asemade, a aplicación permite a introdución de facturas e modelos e a ligazón con outras solucións de CAI Sistemas Informáticos.

Ofrécense obreiros de calidade

Bota a andar Enkenda, un espazo virtual para traballos de pequena construción en Galicia

Raquel Noya

O sector da construción, por tratarse dun sector clave na economía do noso país, é un dos que máis sufriu e sofre os efectos adversos desta crise mundial e son moitos os profesionais deste eido en Galicia que non atopan solución a curto prazo.

Porén, as novas tecnoloxías e Internet sempre están á man para contrarrestar un pouco a falta de iniciativa e oportunidades en calquera sector e os profesionais da construción en Galicia acaban de verlle o seu aquel.

Co lema "*Profesionais dende outra perspectiva*" responsables deste colectivo na nosa Comunidade veñen de poñer a andar Enkenda (www.enkenda.com), unha plataforma na Rede que funciona a modo de punto de encontro virtual para tódolos colectivos relacionados coa construción en Galicia, é dicir, carpinteiros, torneiros, canteiros, escaiolistas, electricistas… que se poñen a disposición das persoas interesadas en contratalos tan só a golpe dun "*click*".

Esta ferramenta pon en contacto a profesionais que teñen en común *"a calidade e o rigor no traballo"* con futuros clientes interesados en levar a cabo todo tipo de obras relacionadas coa vivenda e a xardinería en calquera punto da nosa xeografía.

Enkenda, que contou coa colaboración de A Navalla Suíza, ofrece información detallada sobre cada profesional e empresa que integra e achega diversos vídeos nos que dan a coñecer a súa forma de traballar "*in situ*".

A ferramenta online permite, entre outras cousas, contactar con cada profesional directamente e pedir orzamento de balde e sen compromiso; porén o máis destacable da web é o servizo Enkenda Plus, que permite a coordinación e supervisión dos proxectos a levar a cabo, destinado a aquelas persoas que non saben por onde comezar ou non teñan tempo para visitar e comprobar o bo transcorrer das obras.

Aproveitando as vantaxes da Rede 2.0, máis interactiva e comunicacional, o sistema tamén permite que os propios usuarios valoren os traballos das empresas que contrataron, xerando, deste xeito, unha *"rede de confianza"* na que se achegan as valoracións positivas e negativas de cada servizo.

Os profesionais que se queiran adherir a Enkenda, que por certo foi premiada polo Concello de Santiago no pasado mes de novembro como Nova Idea Empresarial 2010, non teñen que pagar nada e, segundo os seus creadores, o único requisito que se pide é "*demostrar a calidade*".

Enkenda é un proxecto de Pablo Oubiña (Vilagarcía de Arousa, 1978), enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico que traballou durante oito anos en empresas construtoras.



Máis rápido, máis eficaz

O 20% das facturas tramitadas pola Xunta o ano pasado foron electrónicas

Mauro Fernández, director xeral do CIXTEC e Elena Muñoz, interventora xeral da Comunidade Autónoma ▶

Un dos obxectivos da Consellería de Facenda fixados para 2010 era o de conseguir que o 20% das facturas tramitadas pola Administración autonómica fosen electrónicas. Segundo informou recentemente o departamento da Xunta ao abeiro dun reconto dos froitos obtidos o ano pasado en materia de pagos e dixitalización de trámites na Xunta, o devandito obxectivo xa está acadado. Este e outros datos sobre o Sistema Electrónico de Facturación (factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/) foron dados a coñecer polo director do CIXTEC, Mauro Fernández, e a interventora xeral da Comunidade Autónoma, Elena Muñoz. Xa en mei- rande detalle, dicir que as operacións tramitadas de xeito dixital foron 11.306 dun total de 56.252, o que posibilitou (atendendo ao modelo que emprega o Goberno central para calcular a diminución de gasto por evitar facturas en papel) un aforro de custes de 37.700 euros.

En termos máis xerais, a factura electrónica permite un aforro anual só nas dez consellerías da Xunta de algo máis de 187.500 euros, indicou Mauro Fernández. Ao seu xuízo, os beneficios do novo modelo están á vida de calquera e van alén do dito control de gastos. Para os provedores da Xunta, supón máis rapidez e eficacia na recepción dos pagos (cóbrase antes), ao que hai que engadir as vantaxes de manter contacto cunha administración que, grazas ao eido dixital, está aberta as 24 horas do día e non require desprazamentos para este tipo de xestións. Para a propia Xunta de Galicia, minimízanse os custes e optimízanse os recursos.

Mauro Fernández e Elena Muñoz tamén achegaron datos xenéricos ao respecto desta redución dos prazos, acadada en parte grazas ao afianzamento das novas ferramentas tecnolóxico-dixitais. Segundo fixeron saber, a Xunta pagou no transcurso do ano 2010 aos seus provedores nunha media de 28,85 días, o que significa "*a superación do compromiso fixado hai un ano de levalo a cabo nun máximo de 45 días*". Asemade, sinalou o director do CIXTEC, este dato significa que a Xunta *"foi quen de anticiparse dous anos á lexislación europea sobre pagamentos en menos de 30 días a partir de 2013"*. En definitiva, dixo, a galega é a Administración autonómica que está a pagar con meirande axilidade aos seus provedores.

Sobre os modelos de xestión e control destas tramitacións, os responsables de Facenda fixeron fincapé no importante papel que desenvolve o portal electrónico habilitado, que permite entre outras cousas centralizar facturas incorporadas ao sistema e consultar o seu estado de tramitación, "*co cal se gaña en transparencia*". A xuízo do director do CIXTEC e a interventora xeral da Comunidade Autónoma, as vantaxes do sistema son de especial importancia nestes tempos que estamos a vivir, nos que empresas de tódolos sectores enfróntanse a dificultades extra por mor da crise económica. Neste senso, afirman, é fundamental fornecer á cidadanía dunha Administración fiable.

Sobre usuarios e facturación

A día de hoxe, un total de 1.360 empresas usan o devandito sistema electrónico de facturación, que conta arestora con máis de 3.500 usuarios rexistrados. Isto permite falar xa duns procesos que non son puntais nin específicos, e que teñen un compoñente de realidade asentada. A traxectoria a seguir polo Sistema Electrónico de Facturación é, a xuízo dos responsables do modelo, claramente ascendente: *"Canto máis se coñece, máis se emprega"*, aclaran. Por certo que os datos relativos ao pasado recollen que o rexistro tramitou máis de 56.000 facturas e máis de 1.000 millóns de euros de facturación. Este impulso é aplicable ao eido das empresas pero tamén á da propia Xunta, xa que entre as previsións do Goberno galego figura a de potenciar o sistema en tódalas consellerías, no IGAPE e máis no CIXTEC, proceso que se complementará cun impulso a tódolos niveis da Administración Electrónica. *"Desde principios deste ano"*, informaron, "*outros nove organismos dependentes do Goberno galego comezaron a empregar este sistema*". A finalidade vindeira é implantar a facturación electrónica e nas próximas semanas está previsto que saia o primeiro expediente a través de licitación electrónica.



"O uso de ferramentas dixitais beneficia a todos, empresarios e Administración"

MARTA FERNÁNDEZ CURRÁS

Falamos das vantaxes dos servizos de factura electrónica da Xunta coa conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás

Para a conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, o servizo de factura electrónica impulsado polo seu departamento só achega vantaxes e datos positivos. Por exemplo: grazas á súa implantación, contribuíse a situar en 28,85 días o tempo medio en que a Xunta lle paga aos seus provedores. Isto, subliña, sitúa a Galicia na vangarda da Administración Electrónica, tanto no que se refire a transparencia dos procesos como en rapidez dos mesmos. Por este e outro motivos, a conselleira anima á totalidade do tecido produtivo galego a coñecer os beneficios desta dixitalización dos trámites, un proceso que ao longo de 2010 xa abrangueu o 20,1% das facturas que se recibiron na Xunta. Os beneficios para as empresas son múltiples: rapidez nos pagos, uso de papel, simplicación dos procesos, etc. *"O emprego de ferramentas dixitais beneficia a todos, empresarios e Administración"*, engade.

-Que balance fai de aplicación da factura electrónica case un ano despois da súa posta en marcha?

-O balance non pode ser máis positivo á vista dos resultados e tendo en conta que hai pouco menos dun ano, era practicamente imposible saber canto tempo transcorría dende que se recibía unha factura ata o momento efectivo do seu pago. Por iso, un dos meus principais compromisos cando chegamos ó goberno, foi pagar as facturas en menos de 45 días. Este ano, conseguimos cerrar a 31 de decembro, cun tempo medio de trámite das facturas de 28,85 días o que sitúa a Xunta de Galicia como a Administración que paga con maior dilixencia aos seus provedores.

Melloramos tamén en transparencia, xa que os provedores poden coñecer en todo momento en que estado de tramitación están as súas facturas. Así, gáñase en transparencia e ademais sitúa a Galicia na vangarda da Administración Electrónica e, anticípase á lexislación Europea en materia de administración electrónica.

-Cre vostede que na actualidade o pequeno e mediano empresariado galego está de abondo informado das vantaxes que aporta o uso da factura electrónica?

-A información e a formación nunca están de máis. Por iso, todo o esforzo que se faga neste senso sempre se pode mellorar. Nós, fixemos o noso maior e mellor esforzo para tentar que toda a información e as vantaxes que ten a factura electrónica chegara a tódolos empresarios galegos. Dende o principio, puxemos en marcha unha serie de iniciativas para acadar os nosos obxectivos.

Primeiramente enviamos unha comunicación personalizada ás 1.000 empresas que máis lle facturan a Xunta de Galicia. Paralelamente, iniciamos tamén unha serie de xornadas formativas nas confederacións de empresarios e cámaras de comercio a través

das cales lles demos a coñecer a 783 empresas as bondades da facturación electrónica. Estas xornadas tamén nos serviron para coñecer a problemática que teñen as empresas e que nos transmitiran as súas dúbidas e necesidades. Posteriormente, a través da prensa realizamos o plan de divulgación da Administración Electrónica "Galicia conecta contigo" e ao longo de todo o ano fixemos envíos de correo electrónico animando as empresas para que empregaran os sistema e informándolles dos logros acadados ata o momento polas empresas que xa o viñan empregando de cotío.

-Queda moito por facer neste proceso divulgativo?

-Sempre queda por facer. Aínda que as accións que levamos a cabo para divulgar as bondades da factura electrónica deron uns bos froitos no exercicio 2010, xa que acadamos que un 20,1% das facturas que se recibiron na Xunta de Galicia fosen electrónicas, fito que nos sitúa por diante de tódalas administracións do Estado, non podemos baixar a garda e debemos seguir co proceso divulgativo non só da factura electrónica senón da Administración Electrónica en Xeral.

-Haberá máis actividades formativas por parte da Consellería de Facenda a través das Cámara de Comercio e as Confederacións de Empresarios?

-As Confederacións de Empresarios e as Cámaras de Comercio son organizacións que teñen unha especial relevancia no fomento, divulgación e promoción de actividades empresariais por canto son unha fiestra a través das cales, grupos empresariais de distinta índole, vense reflectidos ao representar intereses comúns. A Administración Electrónica vén de ser actualmente unha das preocupacións dos empresarios non só para súa interacción coas Administracións Públicas senón tamén entre elas mesmas. É por isto que, dende a Consellería de Facenda vemos axeitado o escaparate que supoñen estas organizacións para a promoción de proxectos de Administración Electrónica de distinta índole.

▲ Marta Fernández Currás na clausura do Congreso internacional de economía aplicada e negocios

-En que lle beneficia as empresas o emprego desta ferramenta dixital?

-Os beneficios son múltiples. En primeiro lugar o xa comentado anteriormente, que tanto preocupa aos empresarios e que non e outro que o adianto no pagamento das facturas. Utilizar a factura electrónica supón que o receptor da factura, neste caso a Xunta de Galicia, tena no seu poder case que no mesmo intre en que esta foi emitida pola empresa. Ademais, ao emisor evítalle o uso de papel, os procesos de manipulación, o emprego de sobre, selos, e o envío por correo postal. Pola súa banda, ao receptor evítalle os procesos de recepción, manipulación e mecanización o que implica risco de cometer erros cando se rexistra nos sistemas de información.

O emprego de ferramentas dixitais beneficia a todos, Empresarios e Administración.

Salientar tamén que a factura electrónica incide de cheo en catro dos cinco eixes do Plan Estratéxico 2010-2014, plan que puxemos en marcha no ano 2010 e que representa a folla de ruta deste Goberno. Incide no eixo 2 por canto dinamiza a economía, no eixo 3 da economía do coñecemento no senso que representa unha nova maneira de abordar e resolver problemas, no eixo 4 de substentabilidade ambiental xa que evita o consumo de papel e no eixo 5 de administración austera, eficiente e próxima ao cidadán, non como un fin, senón coma unha consecuencia de aplicar técnicas automatizados a procesos que antes se facían de xeito manual o case manual.

-Até onde chega a axuda do departamento que vostede dirixe no proceso de implantación no seo das empresas da factura electrónica? Limítase a un labor informativo ou tamén se inclúen axudas, asesoramento, equipos, etc?

-O labor informativo, como xa lle comentei anteriormente, está baseado en plans de divulgación por distintas vías como son a prensa, as organizacións empresariais e a comunicación directa coas empresas. Este labor é realizado polas distintas Direccións Xerais da Consellería en función da súa competencia, e neste caso, mais particularmente polo Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable que utiliza os medios tecnolóxicos que ten aos seu alcance para realizar estas tarefas, como son os portais web, o envío automatizado e selectivo de correos electrónicos e para aqueles casos que así o requiran, mediante comunicación personalizada a través do departamento de atención a usuarios do propio centro. Polo que se refire a segunda parte da pregunta, dicir que na Xunta de Galicia vense traballando dende o principio da lexislatura cunha estratexia clara en materia de tecnoloxías de información. Lembrar que o presidente presentou en Lugo no mes de febreiro de 2010 o Plan de Banda Larga de Galicia a través do cal e no horizonte 2010-2013, posibilitarase que tódolos galegos poidan acceder a unha banda larga real e de calidade, independentemente de onde vivan. Todos sabemos as dificultades que isto entraña no noso territorio, tanto pola dispersión da poboación como pola propia orografía, pero dende o Goberno de Galicia estase a facer unha aposta forte polo despregamento das novas autoestradas da información como un dos piares que contribúan o desenvolvemento de Galicia.

"Dende o Goberno de Galicia estase a facer unha aposta forte polo despregamento das novas autoestradas da información"

"Nas vindeiras semanas vai sair o primeiro expediente mediante licitación electrónica"

No propio Plan Estratéxico da Xunta de Galicia presentado tamén no mes de xuño de 2010 inclúese un eixo de actuación dedicado especificamente a economía do coñecemento e no resto dos eixes de actuación do propio plan, como poden ser a dinamización económica, administración eficiente e mesmo a substentabilidade ambiental, xa non se entenden sen unha aposta forte polas novas tecnoloxías. Esta aposta así se trasladou por unha banda aos orzamentos do exercicio 2011 e por outra ao plan de Axenda Dixital de Galicia, que tamén se presentou en xuño de 2010 e na que se recollen as políticas do Goberno da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxía. Ademais, a Xunta de Galicia conta con outros instrumentos a través dos cales se canalizan axudas específicas para as empresas en materia de tecnoloxía, xa sexa mediante actuacións específicas dos propios plans das Consellerías ou mediante outro tipo de subvencións e axudas que se focalizan a través de outros organismos como podes ser o Instituto Galego de Promoción Económica.

-Ademais do servizo de facturación electrónica, aplicable ao envío e á recepción de facturas, que máis recursos dixitais está a pór (ou vai pór) en xogo o departamento da Xunta que vostede representa? Pódenos adiantar algunha novidade a este respecto?

-Nas vindeiras semanas vai saír o primeiro expediente mediante licitación electrónica. Este sistema permitirá que as empresas podan realizar a través de medios telemáticos tódalas actuacións inherentes a este procedemento, dende a presentación de ofertas, pasando polas mesas de contratación hasta a firma do contrato.

O sistema contará coas máximas garantías polo que se refire a integridade dos datos, a confidencialidade da información das ofertas presentadas, garantindo que só o persoal autorizado pode acceder a ela e cando a lei o permite. Tamén garantirá a non limitación de concorrencia pola indispoñibilidade do sistema ou pola necesidade de empregar medios técnicos específicos.

Case de xeito paralelo imos pór en marcha o Portal de Contratación Pública de Galicia creado polo decreto 3/2010, no que xa se establece que dito portal se constitúe como un punto de acceso aos servizos e trámites que se realicen por medios telemáticos ou electrónicos en materia de Contratación Pública.

Este portal de Contratación Pública de Galicia, vai a ser a canle de comunicación electrónica para que as empresas e cidadáns poidan acceder a tódolos servizos, trámites e información que poidan necesitar neste eido. Moi por enriba, comentarlle que a través de este portal vaise poder acceder a distintos servizos como son a Plataforma de Contratos de Galicia, a través da cal se pode consultar tódolos procedementos de licitación, a propia Licitación Electrónica referida anteriormente, a Factura Electrónica, os trámites do Rexistro Xeral de Contratistas e a presentación electrónica de avais na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.

-Nun comunicado recente, a Tecnópole de Ourense sinalaba que os novos sistemas de facturación electrónica permiten aforrar até uns 3,5 euros por factura entre o emisor e o receptor. É certo que se dá un aforro tan considerable

-Ben, este é un dato que se está a manexar ultimamente a raíz dun estudo realizado polo Ministerio de Industria Turismo e Comercio a través do cal se conclúe que en España se están a emitir un total de 4.500 millóns de facturas o que supón un total de 9.000 millóns de follas de papel. Este estudo estima que se todas esas facturas se procesasen en orixe e destino de forma electrónica aforraríase a sorprendente cantidade de 15.000 millóns de euros, o que suporía o 1,5% do PIB nacional. Fontes do propio Ministerio de Industria, baseándose nun modelo de estimación desenvolvido pola Universidade Politécnica de Milán no ano 2010, conclúen que este aforro podería achegarse mesmo a 10,5 euros por factura. Polo tanto, debemos sensibilizarnos de que os investimentos que se fagan en novas tecnoloxías, de

proxectarse coa planificación axeitada e sobre todo se resultan de utilidade para a cidadanía e as empresas, como é o caso da Factura Electrónica, sempre resultan económicos porque teñen un retorno de investimento a moi curto prazo.

-Sabemos que para un cidadán, o uso destas ferramentas supón unha meirande eficacia nos trámites e un aforro importante en custes de desprazamento, pero, que lle supón en termos xerais á Administración?

-Para Administración supón unha necesidade, xa que ten o deber de ser o motor da transformación que está a vivir esta sociedade, que xa é global, e da que non podemos ficar desenganchados. Temos o deber de aplicar estas ferramentas nos nosos procedementos internos por que só dese xeito poderemos ser eficaces, útiles e próximos ao cidadán configurando novos e mellores servizos. Tamén debemos ser quen de xerar na cidadanía e nas empresas as sinerxías para que empreguen estas ferramentas e sexan quen de dinamizar as súas propias economías sendo máis eficientes e competitivas.

-Pódese dicir que a Administración está a dar pasos firmes cara a eliminación do uso do papel tanto a nivel de comunicación como de tramitación coa cidadanía?

-A supresión do papel é unha querenza que veñen perseguindo as administracións e as empresas dende fai anos, e o certo é que nos últimos anos parece que se están a dar os pasos axeitados senón para suprimilo, si para reducilo. Coa factura electrónica xa conseguimos suprimir un 20% e coa licitación electrónica conseguiremos dar un paso máis. Dende o Goberno de Galicia e dende a Consellería que represento estamos na liña de traballar nesa dirección. Tamén neste eido, a fin ten que ser como consecuencia de aplicar estas ferramentas a tódolos procedementos da administración cara acadar unha Administración Electrónica plena.

-Ten pensado a Xunta colaborar para estender a factura electrónica a outras administracións, concellos, deputacións?

-Isto non é unha novidade. De sempre as administracións procuran colaborar entre elas para acadar que os recursos públicos se poidan aproveitar mais eficazmente.

Neste senso, o desenvolvemento da Administración Electrónica non vai a ser unha excepción xa que é unha obriga das Administracións Públicas para que tanto os servizos como a calidade dos mesmos cheguen por igual a tódolos cidadáns. O modelo de desenvolvemento da Administración Electrónica ten que dar resposta aos requirimentos das normativas europeas, nacionais e por suposto das autonómicas. Neste senso, estase a establecer o marco de colaboración tanto coas Deputacións como coa Federación Galega de Municipios e Provincias para promover, compartir e utilizar plataformas ou software que sexan de titularidade propia, para o fomento da equidade no acceso a Administración Electrónica tanto polas administracións como pola propia cidadanía. Todo isto, sen esquecer as competencias e responsabilidade de cada unha das Administracións.



▼ Fernández Currás nunha entrevista na Radio Galega

"Estamos na vangarda do Estado no que se refire a servizos de factura electrónica"

MAURO FERNÁNDEZ

O director xeral do CIXTEC, explícanos como tirarlle o máximo partido ás ferramentas dixitais de facturación da Xunta

Calquera usuario, teña os coñecementos que teña de redes e navegación, pode presentar unha factura no Servizo Electrónico de Facturación da Xunta. Así nolo conta Mauro Fernández Dabouza, director xeral do CIXTEC (Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable), quen asegura que unha das grandes preocupacións do departamento que dirixe era acadar unhas ferramentas que conseguisen o máximo a través do mínimo. Ou sexa, que o funcionamento debía ser básico, ao igual que os instrumentos postos en xogo: un computador con conexión a Internet. De outro xeito, sinala, non se estaría a garantir o éxito da iniciativa ao cen por cen. O resultado, logo de dez meses, é que das 56.252 facturas presentadas neste tempo, 11.2504 foron dixitais. E prevese moito máis medre. A xuízo de Mauro Fernández, estes e outros datos sitúan a Galicia no máis avanzado da facturación electrónica dentro do eido estatal.

-O Sistema Electrónico de Facturación xa está na Rede, con páxina propia (factura.conselleriadefacenda.es/factura). Trátase do portelo único para acceder a estes servizos e tirarlles o máximo partido. Cre vostede que está ao alcance de todos os usuarios, teñan os coñecementos tecnolóxicos que teñan? No caso de teren algunha dúbida sobre o seu uso, hai algunha porta á que chamar para solucionar dúbidas?

-Dende o noso punto de vista cremos que calquera usuario que teña uns coñecementos básicos de navegación con Internet e de facturación, pode presentar unha factura electrónica a través do portelo de Facturación Electrónica da Xunta de Galicia. De feito cando empezamos co proxecto, unha das maiores preocupacións de tódolos que participamos na definición do mesmo, foi a de que o sistema debía ser moi básico no seu funcionamento, conscientes que non teríamos éxito se o complicabamos. Outra das preocupacións que tivemos foi a de que non se precisasen complicados medios técnicos para presentar unha factura, de feito e como requirimento mínimo, só é preciso un ordenador con conexión a internet. Os resultados despois de dez meses de funcionamento confírmanos que estábamos no certo, xa que acadamos que un 20,1% das 56.252 facturas presentadas fosen electrónicas. Con estes porcentaxes podemos dicir que a Xunta de Galicia é a Administración do Estado que vai máis na vangarda de facturación electrónica. Sen dúbida.

Outra das accións que levamos acabo para tentar axudar na presentación das facturas foi a elaboración dun titorial a través do cal se pode seguir paso a paso e dunha maneira moi sinxela como se utiliza o sistema.

-É certo que coa factura electrónica se gañou moito en comodidade á hora de recibir un cobro? En canto tempo garante a Administración o pago das facturas a unha persoa ou empresa interesada?

-Coidamos que ese foi o principal logro. De nada serve que construamos un sistema moi doado de empregar si o final as empresas tardan en cobrar. O obxectivo inicial era pagar en menos de 45 días, e a 31 de decembro de 2010 acadouse unha media de pago das facturas de 28,85 días. Ben seguro que foi a mellor publicidade.

-Que horario teriamos, ao longo dunha xornada, para levar a cabo unha xestión ligada á facturación electrónica no seu portal? É verdade que con este sistema xa non estamos limitados pola xornada laboral do funcionariado?

-O sistema funciona as 24 horas, polo tanto, calquera pode presentar unha factura en calquera momento, mesmo dende a súa casa. Entendemos que tódolos sistemas de Administración Electrónica que se poñan en funcionamentos nas administracións teñen que ser útiles de xeito que teñan un valor tanxible para que se poida medir o retorno do investimento, teñen que ser rápidos para que os administrados se animen a empregalos, teñen que ser eficaces de xeito que se acade a fin que se persegue con eles e, por suposto, teñen que estar sempre dispoñibles. Entendemos que esa é a Administración do futuro.

-Até onde é seguro para os nosos datos persoais o uso

desta ferramenta? Podemos estar tranquilos no que a achega da información e tramitación se refire? Como se garante isto, en termos xerais?

-Evidentemente á Administración non só lle facturan empresas, ou sexa persoas xurídicas, senón tamén persoas físicas, polo tanto o sistema está regulado especialmente pola Lei de Protección de Datos. A lei nestes casos e clara, e polo tanto outra das preocupacións que se tivo cando principiou o deseño do proxecto foi garantir non só a confidencialidade da información senón tamén a integridade e a dispoñibilidade.

A confidencialidade queda garantida de xeito que cada usuario, xa sexa da Administración ou das empresas, só pode ver a información que lle compete. Nin sequera nunha empresa que así o desexe un usuario pode ver os datos das facturas que presentou outro usuario da mesma empresa. No eido público, e aínda que os traballadores públicos están suxeitos ao deber de secreto, tamén se fixo fincapé en que cada traballador só poida acceder as facturas que vaian dirixidas a súa unidade. Pero non só iso, tamén só poderá realizar con elas as tarefas que son inherentes aos seu perfil: mecanizador, validador, conformador, fiscalización etc.

Para garantir a integridade, a lei di que tódalas factura teñen que ir asinadas con sinatura electrónica recoñecida. No proceso de firma emprégase un certificado electrónico que garante a autenticidade do emisor e unha pegada que certifica a integridade da factura. Deste xeito, no caso de que a factura fose modificada, a sinatura sería inválida e poderíase detectar. No caso de que o emisor da factura non posúa unha firma electrónica recoñecida, esta pode ser asinada por un terceiro que actúe no seu nome ou polo propio destinatario da factura, cousa que fai o sistema para estes casos.

Para garantir a dispoñibilidade da información, cóntase cun sistema redundado que certifica o funcionamento da custodia das facturas por un mínimo de 5 anos como esixe a lei.

-É certo que podemos levar a cabo o seguimento da factura unha vez posto en marcha o proceso na web? Que recursos foron postos en marcha para coñecer o curso do trámite?

-Certamente. Ás empresas amósanselles cinco estados: presentada, en xestión, en tesouro, pagada e rexeitada. No caso de que unha factura sexa rexeitada infórmase do motivo. Para dar esta información foi preciso conectar o Sistema de Facturación Electrónica co Sistema de Información Contable. Isto permite non só contabilizar automaticamente as facturas para que logo sexan fiscalizadas e pagadas senón que tamén serve para devolverlle ao sistema de facturas o estado de tramitación en que se atopan no sistema contable, e así, os usuarios das empresas poidan coñecer máis detalles da situación das facturas.

-Respecto ao portal, que sistemas de entrada de factura se achegan? Automático? Ou é manual? É verdade que tamén se fan cálculos sobre deducións ou descontos?

-Ate o de agora, as facturas pódense presentar no sistema de dous xeitos. O primeiro consiste en introducir as facturas directamente no portelo. O segundo pódeno utilizar as empresas que xa teñen un sistema que xere facturas en formato Facturae, incorporando arquivos ou lotes de arquivos de facturas no sistema. A partir de agora, imos poñer énfase para informarlles ás empresas como teñen que facer para xerar as facturas en formato Facturae directamente dende os seus propios sistemas. Comentar tamén que xa temos ultimado o procedemento para que os grandes sistemas de facturación se poidan conectar mediante tecnoloxías Bussines to Bussines (B2B), e neste senso, estamos a traballar para conectar o sistema de facturación de NovaCaixaGalicia, para logo seguir con La Caixa e Tragsa.

Polo que se refire a deducións e descontos, efectivamente así é. Faise para axudar nos cálculos cando unha empresa introduce as facturas directamente no portal e así facilitarlle o traballo, sobre todo para facturas que teñen deducións por IRPF

-Brevemente e para que se entenda, de non ser usuarios aínda deste sistema-web, cales son en liñas básicas os pasos que temos que seguir para tirarlle partido? É preciso algo máis que unha simple inscrición? Obter un certificado dixital?

-Dende logo a mellor forma de sacarlle partido é comezar a empregalo. Aínda que a empresa non teña un sistema de facturación electrónica, pero lle ten que enviar facturas a algunha das dez Consellerías da Xunta de Galicia ou a algún dos once organismos que xa están utilizando o sistema, só ten que entrar na páxina www.conselleriadefacenda.es/factura e rexistrarse como usuario. O proceso é moi sinxelo. Como se dixo anteriormente, tampouco é preciso dispor dun certificado dixital, si non se dispón de ningún, as facturas son asinadas polo certificado electrónico do propio sistema o que lle da tódalas garantías a factura presentada.

EGANET

"Co uso de documentos electrónicos, as empresas son máis competitivas"

EGANET avánzanos información sobre o seu proxecto de ampliación de servizos dixitais

En breve, a Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET) fará públicos os datos relativos a un ambicioso proxecto de seu, arestora en marcha, para ampliar os servizos que se lles ofrecen dende a entidade ás empresas sociais. Entre outras medidas, trátase de impulsar o emprego da factura electrónica entre as firmas integrantes, co fin de mellorar a xestión destas a tódolos niveis e, tamén, de abrir bases firmes para o seu uso normalizado. En opinión de EGANET, as vantaxes deste tipo de recursos da eAdministración son moitas e variadas. O único que se precisa é vencer, definitivamente, a resistencia ao cambio dalgunhas empresas dos nosos sectores produtivos. *"Co uso de documentos electrónicos, non só da factura electrónica, as empresas son máis competitivas e melloran a súa produtividade"*, informa EGANET.

- **A asociación EGANET está arestora a desenvolver un proxecto para favorecer a implantación da factura electrónica entre as empresas integrantes. Máis claramente, cales son os obxectivos desta iniciativa? Cando comezará a dar froitos e cando poderemos velos?**

-O proxecto está rematado e pendente da súa presentación, que se fará en breve. É unha acción moito máis ampla que nos permitirá ampliar servizos e axilizar e dinamizar as relacións coas empresas socias. Un dos eixes é a de facilitar a incorporación das empresas no uso da factura electrónica, e que mellor demostración que a adaptación inicial das empresas TIC para os seus propios clientes. Un xeito de difundir as vantaxes desta incorporación.

- **Ao voso xuízo, cales son as vantaxes principais de facer uso da factura electrónica e doutros recursos semellantes? Aforro de tempo? De cartos? De esforzos?**

-Tal e como dicides, contribúe a axilizar as operativas administrativas, axuda ao incremento da produtividade e reduce os custos administrativos. Tres grandes intervencións na mellora dunha empresa. Máis polo miúdo, estes son os puntos principais nos que lle atopamos beneficio:

Axilidade na operación administrativa:

- Recepción inmediata: segundo se envía a factura o receptor xa ten á súa disposición a factura electrónica.
- Consulta de estados: o receptor pode indicar se da por boa a factura, ou rexeitala indicando un motivo. Se deu por boa a factura, logo poderá indicar cando e quen a pagou.
- Notificacións: o receptor da factura é avisado por correo electrónico de que lle enviaron unha factura, indicándolle a web na que pode consultar a factura.
- Confirmación de entrega: o emisor ve a factura enviada, así que non hai perigo de que a factura se perda no envío.
- Axilidade na revisión externa (autoridades fiscais e auditoría interna): en calquera momento, a través da web, a empresa lle pode dar acceso a un inspector tributario.

Incremento da produtividade:

- Pódense integrar os sistemas do emisor e do receptor coa plataforma de factura electrónica, e así as empresas xa terán nos seus sistemas as facturas integradas co seu software de xestión.
- Busca inmediata: pódense facer buscas polos campos da factura, co que unha factura se atopa de maneira inmediata.
- Seguridade no intercambio de información: coa sinatura dixital garántese que a factura non foi modificada.
- Aumento das ventas electrónicas (comercio electrónico): complemento perfecto para as tendas de comercio electrónico.

Redución de custes administrativos:

- Redúcese o período medio de cobro da factura, porque é recibida ao momento.
- Eliminación do papel: xa non é preciso imprimir as facturas.
- Aforro de almacenamento: o almacenamento é dixital, e non é preciso ter espazo físico para o almacenamento das facturas.

- **Tendo en conta a vosa experiencia neste proxecto de afianzamento da e-factura e de outras ferramentas ligadas á tramitación en liña, cales considerades que son hoxe en día as principais dificultades coas que conta unha compañía que queira tirarlle partido a estes recursos dixitais?**

-A banda de conexión, o contorno gráfico e a súa usabilidade precisan dunha grande reformulación e mellora. Son moitas as voces críticas con distintas aplicacións institucionais: información desordenada, usabilidade difícil, erros na recollida de datos, etc.

Acompasado a estas melloras dos recursos xa dispoñibles, precisamos que o tecido produtivo galego, e a sociedade en xeral, se conciencie e teña confianza.

-Imaxinamos que o panorama da factura dixital está estes días descompensado. Non existen as mesmas posibilidades de uso de empregala coa Xunta, que ten canles específicas e activas para isto, que se temos que tirarlle proveito con outras empresas. Na vosa opinión, queda moito por facer no afianzamento destas ferramentas no sector produtivo ou xa podemos ir obtendo vantaxes e beneficios?

-Na nosa opinión, o que queda é que as empresas dean o paso ao uso da factura electrónica. A tecnoloxía existe, pero as empresas sempre se resisten un pouco aos cambios. Co uso de documentos electrónicos, non só da factura electrónica, as empresas son máis competitivas e melloran a súa produtividade.

Agora mesmo fálase de factura electrónica, porque se está impulsando coa Lei de Contratos co Sector Público no envío ás administración públicas, pero tamén se poden facer, por exemplo, os contratos con sinatura dixital.

O obxectivo ao que deben tender as empresas é a que os seus sistemas, de maneira automática, envíen e reciban facturas electrónicas e documentos electrónicos, para que non sexa preciso dedicar tempo a introducir nos sistemas os datos que se reciben en papel, e así xa estea todo automatizado.

Cinco xornadas entre amigos

FIC OnLan dará acubillo na Coruña a arredor de 400 internautas

Redacción

A Facultade de Informática da Coruña acollerá en breve unha das primeiras grandes citas do ano en materia de mocidade en liña. Falamos da convocatoria 2011 do maratón informático FIC OnLan (ficonlan.es), encontro organizado pola asociación estudantil Freak´s Party no devandito Campus galego.

Por certo que nin en cuestión dos días programados para a festa dixital (cinco xornadas de rede ininterrompida: do 4 ao 8 de marzo) nin no que atinxe a sorpresas preparadas será unha cita calquera. O mesmo podemos dicir das previsións en asistencia, xa que se agarda que se apunten ao encontro en liña arredor de 400 seareiras e seareiros das novas tecnoloxías.

Ao seu alcance terán todo tipo de recursos dixitais (rede local de 1 Xbps, entre outras cousas), concursos (de programación, videoxogos, deseño, fotografía, etc), torneos, relatorios e sesións variadas de divulgación arredor do que máis lle gusta á mocidade da Sociedade do Coñecemento na que vivimos.

Polo que respecta aos relatorios e segundo nos contan os responsables da xuntanza, o abano temático será variado, abranguendo sobre todo as cuestións relativas ao futuro inmediato da información e a tecnoloxía.

Para quen aínda a estas alturas estea a dubidar se acudir ou non ao encontro internauta, dicirlle que a organización ten activa unha completa páxina web (ficonlan.es) ao respecto, na que entre outras cousas se nos recorda que o prazo de inscrición para a party xa está aberto e que o prazo, unha vez máis será do máis accesible para todas e todos: 25 euros. Asemade, dásenos conta da longa listaxe de actividades preparadas, entre as que cómpre destacar os concursos e os torneos. A maiores, a organización ten habilitado en Picasa un exhaustivo álbum sobre as edicións anteriores, ideal para facérmonos unha idea do ambiente que se consegue.

Máis información en:
www.ficonlan.es
redes@ficonlan.es

Todo o que temos que saber dunha LAN party

FIC OnLan é por dereito propio unha lan party e, como tal, é unha xuntanza de lecer e de coñecemento. Ou sexa, que non estamos perante unha festa ao uso, con música a todo volume saíndo dos altofalantes, senón dunha concentración de amigos da tecnoloxía e a informática dispostos a compartir durante unhas datas determinadas as súas experiencias e traballos, promovendo dende o comezo da xuntanza o compañeirismo e a diversión no seu formato máis saudable.

A festa coruñesa da que estamos a falar está organizada pola Asociación Freak´s Party na Facultade de Informática da Coruña. O obxectivo é promover a cultura e a afección ás novas tecnoloxías. O colectivo organizador é unha entidade de alumnos da Facultade de Informática da Coruña que encamiñan o seu labor á realización e organización de todo tipo de actividades culturais e tecnolóxicas de divulgación; "*empregando a party FIC OnLan*", comentan, "*como palestra para novos eventos e relatorios, así como a FIC onWeb como plataforma para o desenvolvemento de novas ideas e dunha comunidade dedicada á aprendizaxe e a cultura tecnolóxicas*". Asemade, na súa axenda tamén teñen a FIC OnDev, un evento dirixido á captación e promoción de novos talentos.

Ficha Técnica

Organiza: Freak's Party
Datas: 4, 5, 6, 7 e 8 de Marzo.
Lugar: Facultade Informática da Coruña
Campus de Elviña, 15071 A Coruña
Aforo: 250 Prazas
Rede Local 1 Xbps
Salas habilitadas para durmir
Salas de relatorios
Servizo Bar
Conferencias
Obradoiros Creativos
Concursos
3 Proxectores
Colabora a Universidade da Coruña
Prezo: 25 euros
Entrada con PC

Chamamento a prol da I+D

A Xunta quere que 3 de cada 100 euros investidos vaian directos a fomentar a Investigación e o Desenvolvemento

Redacción

Eficiencia e cooperación.

Estes son os piares nos que descansa, en palabras da Xunta, o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, coñecido a maiores como plan I2=C. A estratexia, impulsada pola Consellería de Economía, foi presentada o venres 11 de febreiro no CGAC (Santiago) perante un importante número de membros da vida política e docente galega, amais de investigadores e profesionais do noso tecido produtivo de vangarda. O plan, entre outras cousas, inclúe actuacións para os vindeiros cinco anos en materia de impulso global á competencia do país. En termos orzamentarios, son 1.200 millóns de euros os postos en xogo nun principio. En palabras de Javier Guerra, conselleiro de Economía, o plan encamíñase a optimizar o rendemento económico, fomentar a colaboración a tódolos niveis e implicar a quen sexa preciso: empresas, institucións, centros de investigación e cidadanía en xeral. No acto tamén participou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, quen asegurou que camiñamos directamente a conseguir que de cada 100 euros que se invistan, 3 vaian ao I+D.

Volvendo á intervención de Javier Guerra, que amosou punto por punto os obxectivos e eixes da estratexia, dicir que na súa opinión esta ten moito de oportuna. É dicir: que se pon en marcha no intre indicado para acadar o impulso innovador que aínda nos falta. "O *plan que presentamos*", engadiu, "*é a clave para conseguir a competitividade que se precisa a través dun traballo serio e exhaustivo de análise*". Este traballo, dixo, implicou un fondo estudo do noso tecido de Investigación e Desenvolvemento e do seu potencial, albiscándoo e pensando en clave futura. Entre os elementos claves deste potencial están, por suposto, as persoas. A xuízo de Guerra, os equipos humanos son o gran elemento diferenciador, polo que unha boa parte dos traballos a realizar teñen que ver coa mellora de todo o que apoia e rodea ao seu traballo e coa aplicación rendible do que del que abrolla. Asemade, procurarase a

comunicación continua entre os equipos, entre eles e coas empresas, institucións e centros de investigación de toda índole.

Entre os eixes principais do plan enumerados por Guerra, salientamos os seguintes:

• A xestión do talento. Trátase de aproximar o mundo empresarial á investigación pondo en valor o que temos e atraendo investigación de fóra.

• Afianzamento de grupos de investigación de referencia, das universidades e dos nosos centros de I+D. En virtude do plan, sinalou Guerra, terán un sistema integral de apoio, profesionalizado e unificado.

• Revalorización do coñecemento. Elemento clave neste plan da Xunta, comentou, no que se inclúen todas aquelas actividades que teñen posibilidades de engadir un modelo de negocio á investigación.

• Innovación como motor de medre. Trátase de estimular o investimento privado galego, unha das nosas carencias máis graves, comentou, favorecendo a achega colaborativa das empresas en materia de I+D.

• Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación.

• Implicación das administracións públicas no tecido investigador e innovador. Búscase, comentou, que o traballo das nosas institucións neste eido sexa permanente, así como no pulo á cultura da modernización.

• Potenciación dos programas sectoriais e da colaboración das nosas firmas en programas de I+D con socios de tódalas procedencias e nos ámbitos nos que despuntamos de xeito especial, como a saúde, a alimentación, a pesca, o agro, a nanotecnoloxía, o transporte, a tecnoloxía do medio ambiente, as renovables, o turismo, etc.

• Pulo aos proxectos singulares. Con este plan, manifestou Javier Guerra, traballarase no pulo a aqueles eidos da investigación nos que temos vantaxe, emprestándolles atención a iniciativas singulares como por exemplo o Campus do Mar da Universidade de Vigo, o Campus Vida da Universidade de Santiago.

• A nova estratexia de I+D da Xunta diríxese tamén "á promoción dun sistema que faga avaliacións continuas dos resultados obtidos grazas ao plan", comentou Guerra. Estes exames virán da man da Axencia Galega da Innovación, que se encargará do control das vertentes prácticas do plan.

A visión do presidente da Xunta

Ao acto de presentación do novo Plan Galego de Investigación tamén acudiu o titular da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, quen comezou a súa achega salientando o factor positivo que ao seu xuízo ten a estratexia. Un factor, dixo, que rompe cun tópico pouco acertado: o que identifica ao pobo galego coa pasividade fronte ao medre económico. *"Galicia foi e segue a ser brillante en proxectos"*, comentou, e se aínda non despegou como debe non é por mor dos investigadores, senón polas carencias dun sistema que capte e reteña potencial innovador, aproveitándoo. "*Pórlle solución a isto é o gran obxectivo do plan*", subliñou. En termos máis concretos, o que se buscará (comentou) é pórlle fin ao noso déficit de patentes solicitadas, que é inferior á medida española (15 patentes menos por cada 1.000 habitantes).

As reaccións que propón a iniciativa de I+D presentada en Santiago pasan por moitas e variadas frontes de actividade. En primeiro lugar, manifestou, o plan implica un medre nos recursos dispoñibles, un 45% maiores cós dispostos previamente. Como diximos, parte dunha dotación inicial de 1.200 millóns de euros, o que segundo informou o titular da Xunta significaría incrementar nun 40% o peso relativo da innovación sobre a base dos seus orzamentos. "*Esta vontade de apoio orzamentario maniféstase así até o final do período que abrangue o plan, tendo cada exercicio contías superiores ao anterior*", explicou. O obxectivo: que de cada 100 euros que se invistan, 3 vaian dar directamente ao I+D. Para garantir estes procesos, Núñez Feijoo recordou que se vai pór en marcha un sistema de avaliación continua que permita localizar os puntos febles e as fortalezas (a devandita Axencia Galega da Innovación, que dará acubillo aos recursos que velen da planificación e da organización). Ao seu xuízo, outra das claves da iniciativa é o fomento da cooperación: "*O noso I+D non pode ser un arquipélago de illas sen conexións entre si, senón todo o contrario*", dixo o presidente da Xunta, xusto antes de alentar aos presentes a facer súa tamén esta arela de unidade, necesaria para acadar os obxectivos trazados. "*Este plan que presentamos non está rematado*", puntualizou, "*e debémolo rematar entre todos, non só porque ten potencial para paliar a caída dos fondos senón tamén porque xorde directamente para facerlle fronte á crise*".

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, saudando ao reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato

As empresas do out

Amplíase o abano da inventiva galega arredo

O mapa sonoro de Vigo, ao alcance dos turistas

A empresa Ouvirmos, especializada na xestión de proxectos culturais e na preservación do noso patrimonio a través das ferramentas máis innovadoras, vén de desenvolver unha iniciativa tecnolóxico-turística para promover a cidade de Vigo por un vieiro apenas camiñado dende o punto de vista da promoción: a vieiro acústico. A páxina resultante do proxecto é o Mapa Sonoro de Vigo (**www.turismodevigo.es/escoitar**) e nela, como se indica, podemos atopar todo tipo de maneiras de achegarnos á realidade da cidade galega a través da repercusión que ten nos nosos ouvidos. Por exemplo: o son da son da cadea de montaxe en Citroën, o vento na noite das Cíes, as ondas nos cantís do dito arquipélago, a Feira de Bouzas, a Praza de Peixe do Calvario ou a Procesión da Borriquita.

Trátase dun interesantísimo proxecto posto en marcha ao abeiro do Plan de Excelencia Turística de Vigo, desenvolvido por Ouvirmos (co soporte técnico de Escoitar.org) para a Concellería de Turismo da cidade galega. O seu obxectivo é descubrirlles Vigo aos turistas dende unha nova perspectiva.

"Preparar unha visita turística, ambientala coa súa sonoridade, apreciar eses sons e escoitalos preservados da contaminación acústica, constitúen a esencia das aplicacións deste proxecto", informa Ouvirmos. O Mapa Sonoro de Vigo, engade a empresa galega, contén 40 puntos de escoita cos emprazamentos e recunchos que "*forman parte da cotidianeidade e da identidade sonora da cidade*". Os internautas, sexamos turistas ou veciños de Vigo e a súa contorna, podemos xa consultar estes arquivos, escoitalos e reempregalos para calquera iniciativa, ben sexa formativa ou creativa, con tal de asegurar que a fonte orixinal se acredita (de feito, o proxecto está desenvolvido baixo licenza Creative Commons). A iniciativa tamén ten espazo propio en Facebook (**www.facebook.com/ouvirmos**).

Erasmusu supera os 20.000 usuarios

Se hai redes sociais ligadas a todo tipo de colectivos, tendencias e mobilizacións, como non ía habela sobre a comunidade de mozas e mozos que se benefician das vantaxes dos programas Erasmus e dos seus intercambios educativos? En certa maneira, eles mesmos son unha rede social 2.0, tal é o nivel de transferencia de coñecemento e de amizade que veñen amosando. Con todo, coa Internet ábreselles un mundo, e froito disto é Erasmusu (**www.erasmusu.com**), comunidade de orixe galega que xa vai alén dos 20.000 usuarios rexistrados (de máis de 150 países) e que se atopa en plena fase de ampliacións, coa posta en marcha de Erasmus Experience, servizo que se dirixe a recompilar crónicas, opinións e puntos de vista dos usuarios sobre cidades e universidades europeas.

A comunidade Erasmusu, cualificada polos internautas como "*a wikipedia dos estudantes de intercambio*", participa das bases e das liñas de traballo dunha plataforma 2.0: faise a si mesma a partir das achegas dos seus integrantes, que son os que recomendan onde durmir, os que ofertan espazos libres para compartir, os que achegan información sobre as cidades onde viven e os que fornecen á comunidade de ligazóns de amizade. Asemade, resolven dúbidas e subministran datos sobre bolsas e programas de mobilidade. Volvendo a Erasmus Experience, dicir que o que se pretende con este servizo é buscarlle o máximo valor ao intercambio de experiencias, facilitándolle a estadía noutras cidades aos futuros estudantes viaxeiros. As opinións achegadas poderán ser votadas e, segundo informan os responsables da web (Cokidoo), o estudante gañador participará no ESN Ibiza Trip 2011 xunto con 2500 erasmus. Este certame conta xa con máis de 100 experiencias que compiten polo primeiro posto.

A comunidade en liña, como xa dixemos, ten raizame galega na súa creación e no seu desenvolvemento. De feito, foi posta en marcha por catro mozos, dous galegos e dous murcianos, que non concordan coa idea xeneralizada en algúns eidos de que en tempos de crise o mellor que se pode facer é agardar a que calme a treboada. Dende xullo de 2009, comentan, deixaron os seus respectivos traballos para dar comezo a esta aventura e facer realidade o seu soño: a creación de Cokidoo, empresa centrada na creación de todo tipo de comunidades, aplicacións móbiles, desenvolvemento e deseño web.

ikiMap incorpora unha versión en catalá

O servizo galego ikiMap (**www.ikimap.com**), posto en marcha para a creación e o intercambio de mapas en liña (e para permitir intervencións sobre estes), comezou o ano con novidades, unha delas directamente relacionada coa ampliación do abano de linguas nas que se achega aos internautas (até o de agora facíao en galego, castelán e inglés). Pois ben, segundo conta a empresa responsable desta rede social (Sixtema, con sede en Santiago), xa hai un novo idioma posto en xogo, o catalán.

A rede social de raíz galega, que a partir de agora tamén se presenta baixo o epígrafe comparteix els teus mapes, confirma así a súa vontade de estar na vangarda empresarial en diversidade lingüística e respecto polos seus clientes, logo de ter dado boas probas de estar tamén na vangarda tecnolóxica.

A opción catalá, posible grazas á colaboración dos usuarios (colaboración que a empresa aproveita para agradecer), foi

ro lado da parede

r das novas redes sociais e os buscadores

posta en marcha esta mesma semana. Porén, o traballo comunicativo non está rematado, e en Sixtema xa están preparando o fornecemento de novas linguas, polo que segue aberta a porta para que a comunidade de internauta bote unha man. "*Unicamente tendes que poñervos en contacto connosco mediante os vieiros habituais*", sinalan.

NavalPlan, software libre galego para empresas con pedidos



A empresa Igalia, na súa arela por poñer as aplicacións en fontes abertas a disposición do empresariado da nosa terra (calquera que sexa o seu sector produtivo), vén de presentar en Santiago de Compostela unha ferramenta que, entre outras cousas, facilita o labor de planificación e seguimento de calquera tipo de empresa que funcione por proxectos.

Trátase dunha aplicación web que leva por nome NavalPlan (**www.navalplan.org**) e que serve principalmente para que as empresas usuarias poidan mellorar a xestión da súa produción aforrando tempo e custes, sen perder produtividade e sobre todo, apostando polo emprego do software libre.

A ferramenta web baséase nos conceptos de visión xeral de empresa e multi-proxecto, asignación de criterios, etiquetado de tarefas, xestión e asignación de recursos, control de carga da empresa e integración externa, entre outras cousas.

A idea inicial do proxecto, segundo apuntan dende Igalia, "*era resolver os problemas de planificación do sector naval galego (de aí o seu nome), porén a ferramenta desenvolveuse de xeito xenérico sendo válida para calquera tipo de empresa e sector*". Resumindo moito, podería dicirse que é unha alternativa libre a Microsoft Project como OpenProj, GanttProject ou Planner; pero a diferenza de estes, NavalPlan é unha aplicación web. A presentación tivo lugar no Centro On compostelán, e nela participou a Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL).

Dinahosting estrea un acurtador de enderezos web

A empresa compostelá especializada en dominios de Internet e servizos de hospedaxe web Dinahosting comunicou a través de Twitter e Facebook que vén de estrear un servizo acurtador de enderezos de páxinas web (URL) baixo o dominio ir.gl, de xeito que os usuarios que desexen comunicar un longo enderezo web poden contar cunha versión acurtada válida para comunicar por vía telefónica ou en redes sociais coma Twitter (nas que as mensaxes teñen unha limitación de caracteres).

Por exemplo, se queremos recomendar o artigo da nosa páxina web sobre a nova alianza entre Nokia e Microsoft publicado no enderezo **http://codigocero.com/Os-smartphones-de-Nokia** teriamos o problema de que tal ligazón ocupa 45 carácteres, deixándonos só 95 carácteres para escribir a descrición debida en Twitter, pero se empregamos o novo servizo de Dinahosting podemos deixar a ligazón nun breve **http://ir.gl/nokia,** co que gañariamos 27 carácteres (aínda que o normal é aforrar aínda máis letras, pois os enderezos profundos en redes sociais e páxinas web de medios de comunicación tenden a ser moi longos).

Ir.gl destaca fronte a moitos dos seus competidores no feito de que, aparte de permitir acurtar un enderezo con só pegalo e dar a un botón, tamén conta con opcións avanzadas nas que podes personalizar o enderezo curto, establecer unha data de caducidade para o mesmo ou incluso pórlle un contrasinal.

Novo medio dixital en Santiago

Nas últimas semanas as xentes de Santiago de Compostela contan cun novo medio na Internet (**www.compostelladesantiago.es**) que pretende recoller nun único espazo información de interese no ámbito local (como unha axenda cultural, crónicas deportivas e información meteorolóxica) con contidos xenéricos (tendencias, cine, tecnoloxía, sexualidade…) con apoio multimedia e ligazóns as plataformas de redes sociais actuais (entre as que pode destacarse a Twitter).

O nome que elixiu esta interesante iniciativa é o de Compostela de Santiago, e aínda que os seus contidos parecen os propios dunha revista, non esquece aos blogues, con 4 bitácoras de seu polo momento, e os seus responsables aseguran terse achegado a preto de 1.700 usuarios, aínda que todo apunta a que está só nos seus primeiros pasos.

Ferramenta de Lugo para atopar restaurantes e menús

A finais de febreiro presentouse oficialmente no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo a páxina web **menus.es** (e a súa aplicación para móbiles Android), que busca ser pioneira no sector en España como buscador de menús e cupóns de desconto para restaurantes xeolocalizados, aínda que xa están a preparar o seu salto a México, Colombia, Francia e Portugal.

Menús.es naceu coma un proxecto de 5 emprendedores lugueses, e xa leva preto dun ano en funcionamento, tempo no que logrou sumar máis de 6.000 restaurantes de toda España á súa plataforma na que poden consultarse os seus menús, os prezos e mesmo os cupóns de desconto, converténdose nunha ferramenta de grande utilidade para turistas ou para quen viaxa por traballo.

Esta iniciativa naceu no Viveiro de Empresas da Fundación C.E.L., partindo de 5 socios promotores, dos que Roi Correa comentou durante a presentación do seu proxecto empresarial que «a día de hoxe en España non hai nada igual», comentando tamén que aínda «*hai cousas que mellorar*», pero que a pesares de estarmos ante unha iniciativa recente, rexistraron máis de 5.000 visitas algún día, o que consideran todo un éxito.

▼ A Rede achega as primeiras aplicacións dedicadas a Lois Pereiro

23 de febreiro de 2011 · Deixa un comentario »

15 de febreiro de 2011 · Deixa un comentario »

01 de febreiro de 2011 · 1 Comentario »

TomTom con acento ourensán

A realidade ferve de exemplos do firme afianzamento da nosa cultura na Rede... e viceversa

14 de novembro de 2010 · 1 Comentario »

11 de xullo de 2010 · 1 Comentario »

11 de xullo de 2010 · Deixa un comentario »

A festa das letras arredor de Lois Pereiro, polo miúdo na Red

Din que o tempo contribúe as cousas no seu sitio. E tamén a Rede. Só así se explica a intensa actividade que se está a despregar na Internet galega co obxectivo de reivindicar a figura de Lois Pereiro, un dos nosos mellores poetas e, malia todo, practicamente un descoñecido até hai ben pouco entre boa parte dos seareiros das letras da nosa terra. Á posta en marcha de loispereiro.blogaliza.org (se cadra o primeiro espazo específico do autor monfortino, o vindeiro protagonista do Día das Letras Galegas) e de mundolois.gl (completo achegamento á tráxica figura de Lois, morto moi novo polas consecuencias do mal da colza), cómpre engadir agora as importantes melloras e ampliacións que se están a levar a cabo no primeiro blog e os preto de mil seareiros do espazo específico no Facebook (facebook.com).

O blog, posto en marcha para servir de plataforma de difusión de todo o que se publica e se organiza arredor do poeta monfortino, é tamén un emprazamento fixo para tódalas persoas que queiran afondar na traxectoria de Pereiro. A páxina, que presenta outro formato con respecto á feitura da que dimos conta no verán, achega novas sobre o autor e contidos ampliados acerca da súa vida presentados en diferentes formatos: gráficos e audiovisuais (poemas, fotos e gravacións de audio e vídeo). Por certo que estes contidos son de utilización libre para usos non lucrativos.

Asemade, informan os responsables da páxina (Algueirada), permítese a subida de ficheiros elaborados tirando proveito do material libre, para logo seren descargados ou divulgados. Tamén se incorporou un calendario para dar conta das (moitas) diferentes actividades conmemorativas arredor do poeta, moi útil de cara á vindeira celebración do Día das Letras, que ten a achega Pereiro como alicerce básico. A todo isto hai que engadir o grupo de Facebook de seareiras e seareiros do autor galego (e que ten un milleiro de persoas inscritas), amais do colectivo habilitado en Twitter. O blog que nos ocupa foi desenvolvido por Algueirada coa colaboración da Consellería de Cultura.

A mellor opción de voz para o TomTom

Os navegadores TomTom serán moi útiles para metérmonos en viaxes enleadas e en cidades grandes, pero (os usuarios galegos sabémolo ben) carecen dunhas cantas cousas ás que xa vai sendo hora de atoparlles solución. Un exemplo disto é o silencio ao que nos someten nas longas rectas das autoestradas das que non sairemos até horas máis tarde. Quen non pensou no ben que virían unhas cantas frases feitas, con denominación de orixe galega, para que a volta da voz do TomTom, horas despois, non nos dese un susto de arrepío? Asemade, quen non botou en falta que nos falase na nosa lingua? Segundo conta a CiberIrmandade, estes baleiros xa se van enchendo. Por exemplo da man do Departamento de Normalización en Dinamización Lingüística do IES de Beade vén de habilitar unha voz en galego para os GPS TomTom. A voz provén dunha rapaza chamada Irene, alumna de terceiro curso de ESO.

De querermos escoitala (e somos moitos os que si) en detrimento das opcións neutras e impersoais que nos dan de serie, só teremos que escoller entre dúas opcións. Por unha banda, tirando partido do programa TomTom Home (tomtom.com) para descargala e instalala de xeito automático no noso aparello navegador. Cómpre ir á páxina web da compañía e escribir nela *"Irene-IES Beade"* ou incluír *"galego"* como filtro.

Por outra banda, tamén poderemos usar a vía da descarga directa no computador dende a devandita web de TomTom. Logo, unha vez no noso equipo, cómpre descomprimir o ficheiro e copiar os tres ficheiros (data90.chk, data90.vif e data90.bmp) no cartafol voices do trebello GPS.

Por certo que a achega de opcións non remata aí e, de feito, esta alternativa do IES de Beade non é nova. Segundo contan en Chuza!, o blog de Opaco (opaco.org) xa nos ten deparado máis voces en galego para os nosos aparellos do coche.

Reclamacións a Movistar para que aposte polo galego

Os operadores de telefonía móbil e os fabricantes (non sendo R no primeiro caso e algún outro caso esporádico) teñen unha boa materia pendente coa inclusión do galego nos seus produtos ou na comunicación cos clientes. A cousa, lonxe de rematar, semella que vai a máis, en parte porque está claro que o soño das grandes empresas é que todos os seus clientes falen o mesmo idioma. Se hai pouco falabamos do caso de Vodafone e o DictaSMS, agora toca facelo da súa competidora, Movistar, a operadora dominante do territorio español, teoricamente chamada a dar exemplo e pouco inclinada a achegarse a nós na nosa lingua.

Así nolo recorda A Mesa, a través do seu presidente Carlos Callón, quen se dirixiu hai uns días ao presidente da Xunta, á presidenta do Parlamento e ao presidente da dita empresa de telecomunicacións para pedirlles medidas precisas de apoio ao galego en tódalas actividades que Movistar está a desenvolver na nosa terra. Segundo reflicte a web de Galicia Hoxe, o comunicado de Carlos Callón tamén se dirixiu ao secretario xeral de Política Lingüística, departamento que ten un convenio de colaboración asinado coa compañía de telefonía e que polo tanto ten potencial para esixirlle que se respecten os dereitos dos clientes galegos.

OBXECTIVO: pór os pés na terra

Chega ás tendas en liña a primeira entrega do xogo galego AR-K

Redaccion

A aventura gráfica galega AR-K, da que falamos hai pouco na nosa web, **www.codigocero.com**, con motivo da súa posta en longo, comezou o mes de febreiro a súa distribución internacional. Segundo se di na Rede, a chegada ás tendas en liña do videoxogo estenderase ao longo de 2011 e en cinco quendas, unha por cada entrega-capítulo da aventura. A primeira achega (Sexo, mentiras e traballos de clase) sae a un prezo de 5,95 euros (vémolo en **www.gatosalvajestudio.com**), e, coma as que están por vir, caracterízase sobre todo pola vontade de mesturar xéneros (intriga, comedia, ciencia ficción).

Como dixemos en Código Cero, detrás deste proxecto atópase Gato Salvaje, unha empresa creada por catro mozos da Coruña (Sergio Prieto, Javier Vara e Javier Vilar). O xogo AR-K, que irrompe nun principio en computadores con Windows (e coa vista posta en futuras versións para Linux e Mac OS X), está dispoñible en galego, castelán, alemán e inglés. Por certo que non se descarta fornecer á comunidade de seareiros dunha versión en braille.

O xermolo desta saga está na independencia (coas vantaxes e inconvenientes que pon en xogo) e máis na arela de facer algo de gran impacto, divertido e imaxinativo, dende unhas condicións de medios limitados. De feito, a orixe do produto está nun traballo conxunto dos responsables de Gato Salvaje desenvolvido en cadanseu domicilio. Aí déuselle forma ao libreto, aos escenarios e máis aos personaxes. Para que o proxecto se convertese en realidade, contaron cun orzamento de 50.000 euros, o que entre outras cousas permitiulles contratar a profesionais da dobraxe, da programación e do deseño en 3D. O resultado, din eles mesmos e recollen medios como El Progreso, "*é un produto independente, de baixo custe pero de alta calidade*".

Como dixemos, o argumento da saga insírese nun escenario de ciencia ficción, tirado da longa tradición literaria e cinematográfica sobre a reconstrución hipotética da realidade que está por vir. A protagonista é Alicia (dobrada pola actriz galega María Castro), unha estudante de xornalismo e nós, os xogadores, asumimos o papel da persoa que lle bota unha man no enleado proceso de pór os pés na terra logo dunha noite de xolda e de acordar no medio dunha trama que precisa de investigación e resolución. Por certo que esta primeira entrega do xogo xa está dispoñible na páxina web de Gato Salvaje ou ben nas tendas en liña especializadas.

A idea deste proxecto xurdiu no máster de animación 3D MAISCA da Universidade das Illas Baleares, onde coincidiron os socios de Gato Salvaje, Sergio Prieto, Javier Vara Calviño e Javier Vilar Ortiz, contando os 2 primeiros tamén cun máster en creación e comunicación dixital da Universidade da Coruña e con prácticas na produtora Dygra.

Manzaneda, a golpe de rato

A estación galega de esquí permite viaxes virtuais polas súas instalacións

Raquel Noya

Din os entendidos que o *"boca a boca"* é a mellor campaña de publicidade que se lle pode facer a un produto ou servizo. Da mesma maneira, un *"disque"* ou *"díxome tal"* negativo, pode facer que unha empresa ou iniciativa pase da noite para a mañá a estar en cifras negativas sen nin sequera notar un pequeno esforzo por parte do público obxectivo para dar conta dela, de primeira man, e comprobar que o que se di é certo.

Isto vén a conto porque Cabeza de Manzaneda, a única estación de esquí que temos en Galicia, onde por certo se atopa unha das contornas naturais máis privilexiadas da nosa xeografía, leva moitos anos vendo como os posibles visitantes deixan de achegarse ata alí por mor de comentarios do tipo de *"a estación é moi pequena"*, *"hai moi poucas pistas"*, *"case non hai neve"*, *"por un pouco máis xa case vos poñedes en San Isidro"*… que desvían a atención dos seareiros dos deportes de inverno cara outras estacións de fóra de Galicia.

Porén, dende agora e grazas á iniciativa da galega Factoría Eurodixital, Cabeza de Manzaneda vai poder botar man das novas tecnoloxías para engaiolar aos seus futuros visitantes e incrementar as súas visitas alén da tempada alta de esquí.

Grazas ás vantaxes que esta empresa pontevedresa atopou no uso do formato 360º (empregado noutros proxectos anteriores), Cabeza de Manzaneda vén de converterse, segundo afirman, *"na primeira estación de esquí virtual de Europa"*, totalmente dispoñible na Rede para calquera internauta interesado en visitar o recinto.

A través do enderezo www.cabezademanzaneda.descubregalicia.com, a comunidade internauta pode iniciar unha completa viaxe virtual por Cabeza de Manzaneda, meténdose de cheo nun percorrido que presenta a golpe de click tódalas instalacións e servizos que ofrece a estación.

Pistas e remontes, restaurantes, aloxamentos… preséntanse perante o visitante en visión panorámica de 360 graos, unha técnica que permite obter unha impresión o máis próxima posible á realidade da paisaxe natural ourensá.

Este novo servizo virtual, que foi presentado recentemente polo xerente da estación de Manzaneda e responsables de Factoría Eurodixital, responde aos principios de *"innovación e sinxeleza"* que sempre presidiron as creacións da compañía pontevedresa, dende a cal aseguran que *"será unha ferramenta de grande utilidade para Manzaneda, que contribuirá a atraer novos visitantes e fidelizalos"*, sinala o director de Factoría Eurodixital, José Manuel García.

As imaxes nas que se basea este traballo foron tomadas durante a pasada ponte da Constitución e mostran as primeiras neves da tempada porén dende a entidade desenvolvedora aseguran que se realizarán novas instantáneas *"para presentar outra imaxe deste enclave de montaña"*.

Baixo estas liñas, imaxe do núcleo antigo de Vigo, vista na web: ocsvigo.com. Abaixo, á dereita, Carlos Fernández (de pé) e Carlos Álvarez, creadores do xogo, nunha imaxe de Faro de Vigo

Viaxe ao pasado

Moonbite e Desoños presentan un videoxogo sobre a historia de Vigo

As empresas viguesas Moonbite Games e Desoños veñen de inaugurar un innovador capítulo dentro do estudo e recuperación da historia e a cultura da súa cidade. Dáse a casualidade de que este capítulo é froito do tempo que vivimos, o tempo dixital, e da propia actividade de ámbalas dúas empresas, centradas na achega de lecer electrónico, deseño gráfico-web e fornecemento multimedia. Viaxe ás Covas do Folón (na páxina www.viaxeascovasdofolon.com), o resultado do seu traballo de lecer-histórico, é un videoxogo especialmente dirixido á comunidade estudantil, co fin de que boten unha ollada ao pasado da cidade por medio dun recurso que xa quixeramos moitos para nós e que agora, grazas á Rede, se pon ao alcance da rapazada: unha máquina do tempo.

Segundo reflectiu os días pasados o Faro de Vigo nunha reportaxe, a achega inclúe retos didácticos e preguntas, diferentes etapas históricas para percorrer e menú variado de personaxes (dous en activo aos que se engadirán catro en breve). O xogo, que contou para o seu desenvolvemento co apoio da Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística de Vigo, é unha firme tentativa de quitarlle ferro á cultura pola vía das feituras e os fondos que máis demandan os nenos e os adolescentes: os da sociedade dixital.

En certa maneira, explican os seus responsables, cumpre a mesma función que moitos volumes de historia local, pero co gancho do divertimento en liña. O xogo está dividido en nove épocas que se suceden de xeito cronolóxico: *Megalítica, Bronce, Castreña, Romanización, Idade Media, Pacega, Reconquista, Modernismo* e *Actualidade*. Para dar forma a cada etapa e para acadar a máxima coherencia e fiabilidade, contouse coa colaboración do arqueólogo Javier Luaces.

Ao longo deste percorrido inclúense unha serie de xogos e preguntas a resolver, incorporando unha cuestión final cuxa resolución está na mesma cidade. Segundo explican os responsables da proposta, trátase de facer que as nenas e os nenos descansen un pouco do xogo e complementen esta actividade con saídas á súa contorna urbana. *Viaxe ás Covas do Folón*, que requiriu case un ano de traballo para a súa materialización, non é un proxecto empresarial no sentido estrito dos termos, senón un fornecemento aberto para contribuír á cultura local da comunidade escolar viguesa. E dicimos aberto porque, de feito, o desenvolvemento dos personaxes que están pendentes de crear correrá a cargo dos propios rapaces, que poderán implicarse directamente no xogo e ver logo como se converten as súas propostas en figuras reais en 3D.

Deseño garantido

Desoños xa ten unha máis que ampla experiencia no eido do deseño dixital. Amais disto, tal e como contamos hai pouco nesta revista, ten recoñecemento. Para facernos unha idea, dicir que os traballos da firma viguesa foron incluídos o pasado verán entre os 1.000 mellores do mundo, elección que veu da man do certame Web Desing Index 9.0. A empresa, que conta con outras dez mencións neste índice web (dos máis importantes a nivel internacional) que publica a editorial holandesa The Pepin Press, foi seleccionada polos seus traballos para o Grupo de Teatro Chévere, Acuisost e The Size, caracterizados todos eles pola súa limpeza e funcionalidade.

De druídas, guerreiros e outras leas

O núcleo e a documentación do xogo *A batalla por Wesnoth*, cen por cento na nosa lingua

Dende Proxecto Trasno (trasno.net), Miguel Branco infórmanos dunha importante novidade no eido da programación aberta dispoñible en galego. Trátase da tradución completa á nosa lingua do núcleo e máis da documentación de A batalla por Wesnoth. Este proceso de adaptación ao galego do miolo do coñecido xogo de estratexia (inspirado nas novelas e cómics de fantasía heroica) implicou traballar con máis de 3.300 cadeas de información. Segundo informa o noso compañeiro Branco, a mellor parte de contar no núcleo deste xogo na nosa lingua é que con isto resulta doado localizar erros de internacionalización: *"Calquera texto que non apareza traducido no xogo e non sexa unha campaña é moi probablemente porque non está internacionalizado de xeito correcto"*. Foi deste xeito como se detectou un erro sobre a imposibilidade de traducir certos termos, carencia que os desenvolvedores de xogo, segundo informa Trasno, solucionaron de contado. Deste xeito, o traballo de adaptación á nosa lingua puído ser completado.

O traballo non ficou aí, xa que logo da translación veu a revisión polo miúdo do labor despregado. Durante este repaso exhaustivo fíxose especial fincapé na aplicación do vocabulario acordado durante a *Trasnada '10*, un modelo de uso que lle acaeu moi ben ao traballo feito previamente, posto que se puído comprobar que este concordou en liñas xerais cos criterios escollidos na Trasnada. A este respecto, "*foron de moita axuda as regras desenvolvidas por Marce Villarino para a detección de posibles casos mediante a ferramenta Pology de KDE*", infórmase.

Logo de ter rematado con estes traballos, publicouse a versión 1.9.4 do xogo. A día de hoxe fican aínda uns pequenos detalles por ultimar, como a revisión da tradución das campañas ou a tradución das imaxes (cousa que segundo conta Trasno non se abordou nunca antes). A continuación, estímase que se comezará coa adaptación á nosa lingua das campañas non oficiais. Polo tanto, o traballo segue, pero o importante é que o miolo do mesmo xa está plenamente adaptado ao noso.

Nos últimos días, proseguen fontes deste colectivo ligado á programación aberta, solucionouse outro dos erros do xogo dos que informara o equipo de tradución ao galego, confirmouse outro, e informouse dun terceiro relacionado co manual interno do xogo. "*Isto*", comentan, "*foi consecuencia do propio proceso de tradución, que esixe fixarse en tódolos detalles, e que como se pode comprobar acaba axudando de xeito directo ao desenvolvemento do xogo; esperemos que se vaian solucionando para que a versión final sexa unha verdadeira xoia*".

Para os que desexen colaborar na tradución do xogo, cómpre sinalarlles que se pode facer a través da páxina de A batalla por Wesnoth en Trasno: trasno.net/content/batalla-por-wesnoth

Trasno dá a coñecer os acordos do seu festival de tradución

O festival de tradución ao galego de software libre que se celebrou en outubro de 2010 na vila de Ordes segue a ter repercusión, en boa medida a través das súas contribucións aos modelos de localización de programas á nosa lingua que están por vir, para os que asenta alicerces importantes. Segundo informan os voluntarios do Proxecto Trasno (en trasno.net), responsable xunto con AC Inestable (inestable.org) do festival Trasnada10, véñense de publicar os acordos terminolóxicos acadados neste evento. Ou sexa, as conclusións e resultados finais de debates que veñen de lonxe e que acadaron en Trasnada unha vía de resolución. Por exemplo, as vellas leas sobre os termos "*window*" ou "tab".

Estes acordos, sinala Trasno, supoñen un gran avance na homoxeneización das traducións ao galego. Asemade, engaden, chegouse a un acordo sobre preto de outros quince termos, varios deles moi conflitivos. E conclúen: "*Se cadra o máis importante sexa que o valor destes acordos é maior debido a que ademais de gran número de voluntarios do Proxecto Trasno tamén participaron nas discusións outras persoas interesadas e alleas ao proxecto*".



Código QR

Tráiler do xogo

DEAD ISLAND

Un novo xogo de zombis que sorprende co seu tráiler oficial

Marcus Fernández

Deep Silver anunciou que vai publicar o xogo Dead Island, un xogo de zombis desenvolvido por Techland (responsables de Call of Juarez) que combina acción en primeira persoa con combates masivos corpo a corpo, desenvolvemento de personaxes e personalización dunha grande variedade de armas. Estas características xogables están presentes nunha historia escura inspirada nas clásicas películas de zombis e conta tanto cunha solvente campaña como cun modo cooperativo para 4 xogadores.

En Dead Island a historia transcorre en Banoi, unha illa tropical na que hai un misterioso brote zombi, de xeito que as deliciosas vacacións no Royal Palms Resort dos protagonistas desta aventura convértense nun pesadelo no que o principal obxectivo é a supervivencia.

Polo momento coñécese pouco sobre este título (agás que fora anunciado hai 3 anos e que incluso chegou a pensarse que fora cancelado), e aínda que xogos coma Dead Rising 2, Resident Evil 5 ou Left 4 Dead 2 deixasen o listón bastante alto, o trailer oficial de Dead Island valeulle o respecto da prensa especializada de todo o mundo, impresionada pola coidada peza audiovisual.

Este xogo desenvolvido co Chrome Engine 5 chegará este mesmo ano a PlayStation 3, Xbox 360 e PC.

INFAMOUS 2

Comercializarase en varias edicións

Sony vén de confirmar que o xogo exclusivo para PlayStation 3 inFamous 2 vai contar con 3 edicións distintas no mercado: a ordinaria, a especial e a heroe. Deste xeito, os incondicionais desta saga de Sucker Punch protagonizada por Cole MacGrath, que nesta ocasión terá que enfrontarse a unha entidade coñecida como a Besta na cidade de New Marais, tendo que enfrontarse a dilemas morais (decidindo se utilizar os seus poderes eléctricos para salvar á humanidade ou seguir unha senda máis caótica e destrutiva), poderán optar por edicións do xogo que inclúen distintos engadidos.

Aparte da edición básica, teremos unha curiosa edición especial, que comeza a destacar por unha cuberta lenticular (que amosa 2 portadas distintas, vendo ao protagonista nas súas variedades do mal e do ben segundo o ángulo no que miremos a imaxe) e que inclúe varios contidos descargables (unha granada eléctica, o aspecto Cole orixinal e o amplificador de ouro); mentres que os máis entusiastas poderán facerse coa versión limitada Hero Edition, que inclúe os contidos da edición especial, unha réplica da bolsa do protagonista do xogo, unha figura de Cole, un cómic edición limitada, a banda sonora e todos os complementos que estarán dispoñibles nas distintas promocións de reserva que se repartirán distintos distribuidores (coma o poder exclusivo gancho lóstrego ou o aspecto Kessler).



Código QR

Tráiler do novo xogo

Código QR

Páxina web oficial do xogo

KIRBY'S EPIC YARN

Kirby despide febreiro cun novo videoxogo para Wii

Marcus Fernández

En outubro o carismático Kirby, personaxe nacido na Game Boy e que foi pasando polas sucesivas consolas de Nintendo saltando plataformas e inhalando aos seus inimigos para copiar os seus ataques, estreou no Xapón e en EE.UU. o xogo Kirby's Epic Yarn, pero en vista de que en Europa tería que coincidir nas tendas con Donkey Kong Country Returns, decidiron demorar o seu lanzamento ata o vindeiro día 25, cando Kirby en el Reino de los Hilos pasará a ser unha realidade da que podemos ver un adianto na súa páxina web oficial.

Esta nova entrega das aventuras de Kirby muda drasticamente en aparencia, pois está ambientado nun mundo no que todo está feito de telas, tendo que facer uso do poder do fío para poder explorar esta terra. Estamos ante un xogo para 1 ou 2 xogadores que poderiamos considerar apto para toda a familia, e que conta cunha xogabilidade clásica que é toda unha garantía de éxito.

NBA JAM

O clásico NBA Jam estréase no iPhone

Na tempada de Nadal sorprendeu este ano a ausencia do xogo de baloncesto de EA Sports (a última hora cancelouse o NBA Elite 11) mentres que o título que estaba considerado coma un complemento descargable do mesmo, NBA Jam, volvía coma xogo independente para as consolas de alta definición, sorprendendo agradablemente por chegar agora para iOS, de xeito xa é posible mercalo na App Store por 3,99 euros.

NBA Jam é todo un clásico das máquinas recreativas nos que os xogadores de baloncesto aparecen de xeito caricaturesco para enfrontarse en partidos de 2 contra 2, realizando impresionantes mates e primando a diversión fronte á simulación propia dos títulos deste deporte que actualmente priman nas consolas de videoxogos.

A edición para iOS de NBA Jam padece das limitacións propias dos controis virtuais na pantalla táctil do iPhone/iPod Touch, pero dado que a precisión non é chave neste tipo de títulos, iso non arruinará a diversión, especialmente se temos en conta que o seu prezo a décima parte do que custa nas súas versións para consolas domésticas, aínda que cómpre precisar que non estamos ante un título completo, senón que moitos dos seus contidos hai que mercalos dentro da aplicación a prezos de entre 0,79 e 2,39 euros.

Estamos ante un xogo imprescindible para os que gozaron do título orixinal en máquinas recreativas, pois logrou trasladar á perfección este título, cuns excelentes gráficos e cos xogadores da NBA actuais (resultando bastante simpático ver ao español Pau Gasol en plan cabezón).

Estes e outros anunciantes

xa confiaron en Código Cero

Confía ti tamén, anuncia a túa empresa!

Contacta con nós no 981 530 268 ou en publicidade@codigocero.com

UNA VISIÓN INNOVADORA SOBRE LOS CENTROS DE DATOS

A partir de hoy, convergencia es mucho más que un nuevo concepto

En los últimos años, el presupuesto de TI se ha dedicado en un 70% a mantener la tecnología actual, y tan sólo el 30% de ese presupuesto a innovación. La nueva Infraestructura Convergente de HP permite cambiar este ratio, consiguiendo dedicar el 70% a inversión y sólo el 30% a gastos de operaciones y mantenimiento.

¿Quiere liberar el enorme potencial de sus sistemas de TI? Ahora es el momento. Las nuevas soluciones de Infraestructura Convergente de HP le permiten llevar a cabo una transición de modo rápido y sencillo desde tecnologías silos centradas en productos a infraestructuras altamente flexibles y convergentes capaces de ajustarse inmediatamente a las dinámicas y cambiantes necesidades de negocio, desplegando cualquier aplicación, en cualquier lugar y en cualquier momento. La Infraestructura Convergente de HP le permitirá:

- Transformar las TI en un motor para la innovación empresarial
- Detener la proliferación de silos de TI para trabajar de forma integrada
- Optimizar los recursos de TI para satisfacer la demanda del negocio

Tecnología para mejorar los Resultados de Negocio

Descubra cómo HP ayuda a las empresas a liberar el verdadero potencial de las TI y conseguir los mejores resultados de negocio en **www.hp.com/go/ci**

Copyright © 2009 Hewlett-Packard Development Company, L.P.